



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 545
10 de outubro de 2019



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e en situación de risco sanitario (doc. núm. 52558, 10/PL-000017)

- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 57025) [180221](#)
- Do G. P. Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 57027) [180234](#)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 57034) [180244](#)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 57036) [180251](#)
- Do G. P. Mixto (doc. núm. 57045) [180262](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.9. Límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma

Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, do 9 de outubro de 2019, polo que se aproba o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 [180214](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

■ 56594 - 18449 (10/PRE-006663)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as actuacións que se están a desenvolver para a mellora do Servizo Público de Emprego de Galicia [180273](#)

■ 56593 - 22985 (10/PRE-010980)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as actuacións que se están a desenvolver para a mellora do Servizo Público de Emprego de Galicia [180275](#)

■ 57012 - 41864 (10/PRE-012188)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 máis



Sobre a creación da Autoridade Audiovisual e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego ao respecto [180277](#)

I 56592 - 38726 (10/PRE-013815)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as actuacións que está a desenvolver o Goberno galego para mellorar o Servizo Público de Emprego de Galicia [180279](#)

I 56576 - 46552 (10/PRE-014588)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de cubrir a praza de Xinecoloxía que vai quedar vacante por xubilación no Centro de Orientación Familiar de Orillamar, na cidade da Coruña, as medidas específicas de apoio a este tipo de centros que está a levar a cabo e a apertura doutros novos [180281](#)

I 57008 - 46736 (10/PRE-014606)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a evolución que presenta a situación demográfica das comarcas de Ourense e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto [180285](#)

I 57007 - 46799 (10/PRE-014608)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos resultados do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, as razóns da demora e o prazo previsto para a presentación do proxecto de lei anunciado para o seu impulso, así como as actuacións que vai levar a cabo ao respecto [180289](#)

I 56570 - 48066 (10/PRE-014740)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego do resultado dos *Trashtag challenges* desenvolvidos na Costa da Morte, no referido á cantidade de residuos localizados, así como as actuacións e as medidas previstas para a súa diminución [180291](#)

I 56568 - 49684 (10/PRE-014886)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre os recursos específicos do Sergas para o tratamento do alcoholismo, dados os datos epidemiolóxicos publicados recentemente respecto da súa incidencia en Galicia [180295](#)

I 57006 - 49948 (10/PRE-014937)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis



Sobre as intencións do Goberno galego respecto da ampliación da dotación de persoal e de servizos prevista para o novo Centro de Saúde de Gondomar [180298](#)

I 57005 - 50610 (10/PRE-014982)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a universalización do ensino entre os 0 e 3 anos, a dispoñibilidade dalgún plan para o despregamento dunha rede pública de ensino infantil que teña en conta as necesidades reais da poboación, así como as súas previsións respecto do incremento para o ano 2020 das partidas orzamentarias destinadas á construción de novas escolas infantís públicas [180301](#)

I 56558 - 51645 (10/PRE-015029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade da autorización e documentación necesaria pola empresa promotora das obras que se están a levar a cabo na serra do Oribio, no Courel, e a verificación pola Xunta de Galicia dos posibles danos ocasionados pola maquinaria no patrimonio cultural, así como as medidas adoptadas ou previstas ao respecto [180305](#)

I 57004 - 51745 (10/PRE-015042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a xestión que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria, así como as medidas que vai adoptar para solucionar a situación na que se atopa [180307](#)

I 56550 - 51946 (10/PRE-015056)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre a recepción por parte do Goberno galego da solicitude do Concello de Arteixo referida á creación dunha rotonda e dun paso de peóns na intersección da estrada autonómica AC-552 coa estrada provincial DP-0507 na parroquia de Larín, así como o contido e a viabilidade do proxecto e as súas previsións ao respecto [180311](#)

I 57003 - 52367 (10/PRE-015078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia e as demandas realizadas ao Goberno central con respecto á diminución da actividade da central térmica das Pontes e as súas repercusións no sector auxiliar [180313](#)

I 56547 - 52384 (10/PRE-015080)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión e as previsións do Goberno galego respecto da supresión dunha praza de formación en Farmacia Hospitalaria no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e da súa posible



incidencia na garantía da igualdade na asistencia sanitaria nas diferentes áreas, así como nesa especialidade en Ourense [180315](#)

I 56546 - 52435 (10/PRE-015088)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre o orzamento previsto, a dotación de profesionais e a planificación do Goberno galego para a ampliación da hospitalización no domicilio a todo o territorio de Galicia, así como a dotación de recursos que vai realizar para mellorar a atención domiciliaria dos pacientes crónicos avanzados e complexos e dos que requiren coidados paliativos na atención primaria [180317](#)

I 56545 - 52583 (10/PRE-015096)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posta en marcha por parte do Goberno galego de campañas de concienciación masivas destinadas ao fomento do uso de bolsas reutilizables [180320](#)

I 56544 - 52627 (10/PRE-015102)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Sánchez García, Antón

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade para organizar e garantir a calidade asistencial durante o período estival nas zonas da costa ou receptoras de turismo [180323](#)

I 57010 - 42108 (10/PRE-015122)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 13 máis

Sobre o balance e as previsións da Xunta para o desenvolvemento das estacións intermodais nas principais cidades galegas [180325](#)

I 56600 - 42410 (10/PRE-015205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do rescate da concesión e supresión da peaxe na autovía AG-57 [180328](#)

I 57031 - 46739 (10/PRE-015722)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a incidencia da política económica seguida polo Goberno galego na situación demográfica das comarcas de Ourense [180330](#)

I 57033 - 46814 (10/PRE-015733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a presentación do Proxecto de lei de impulso demográfico no Parlamento de Galicia para o seu debate [180334](#)



I 56790 - 49799 (10/PRE-016041)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para resolver as carencias de persoal e de recursos materiais existentes no Hospital Comarcal de Verín

[180336](#)**I 56788 - 49988 (10/PRE-016055)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as medidas adoptadas polo Sergas para garantir a cobertura da praza de pediatra que vai quedar vacante pola xubilación da persoa titular nos centros de saúde de Barro e de Monte Porreiro, en Pontevedra

[180339](#)**I 56564 - 51054 (10/PRE-016129)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a valoración do Goberno en relación coa atención sanitaria para as persoas con ludomanía

[180341](#)**I 56561 - 51549 (10/PRE-016161)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación ao Centro de Saúde de Moaña do persoal necesario para garantir a calidade asistencial

[180343](#)**I 56559 - 51644 (10/PRE-016169)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos danos causados no patrimonio cultural polas obras de construción dun parque eólico na serra do Oribio, no Courel

[180345](#)**I 56553 - 51915 (10/PRE-016191)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da política laboral que está a levar a cabo no Sergas

[180347](#)**I 57009 - 52671 (10/PRE-016205)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a previsión da Consellería de Sanidade en relación co problema de saturación e de sobrecarga para os profesionais e para os pacientes do Centro de Saúde de Meaño

[180349](#)**I 57032 - 46738 (10/PRE-016280)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a evolución que presenta a situación demográfica das comarcas de Ourense e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

[180352](#)

I 57011 - 42107 (10/PRE-016335)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e 13 máis**

Sobre o balance e as previsións da Xunta para o desenvolvemento das estacións intermodais nas principais cidades galegas

[180356](#)**I 56590 - 42409 (10/PRE-016358)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a opinión e as actuacións previstas por parte da Xunta de Galicia respecto da supresión ou rebaixa da peaxe na autovía AG-57 e a valoración da oportunidade do rescate da concesión

[180359](#)**I 56586 - 44209 (10/PRE-016433)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia do estado das estradas da contorna de Palas de Rei

[180361](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do procedemento para a provisión por concurso do posto AP109 de adxunto/a á Xefatura do Servizo de Tecnoloxías da Información do Parlamento de Galicia

[180220](#)

A Mesa da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do día 9 de outubro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e en situación de risco sanitario (doc. núm. 52558, 10/PL-000017)

Examinados os cinco escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa cualificación co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 57025)
- Do G. P. Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 57027)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 57034 coa incorporación da corrección de erros na emenda núm. 1 pola que se modifica o «artigo 6» e non o «artigo 5»)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 57036)
- Do G. P. Mixto (doc. núm. 57045).

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.9. Límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma

Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, do 9 de outubro de 2019, polo que se aproba o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020

O Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión do 9 de outubro de 2019, aprobou, por 38 votos a favor e 32 en contra, o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 por un importe de 10.160 millóns de euros.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 7 de outubro de 2019, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

- 56594 - 18449 (10/PRE-006663)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as actuacións que se están a desenvolver para a mellora do Servizo Público de Emprego de Galicia

- 56593 - 22985 (10/PRE-010980)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as actuacións que se están a desenvolver para a mellora do Servizo Público de Emprego de Galicia

- 57012 - 41864 (10/PRE-012188)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 máis

Sobre a creación da Autoridade Audiovisual e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego ao respecto

- 56592 - 38726 (10/PRE-013815)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as actuacións que está a desenvolver o Goberno galego para mellorar o Servizo Público de Emprego de Galicia

- 56576 - 46552 (10/PRE-014588)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de cubrir a praza de Xinecoloxía que vai quedar vacante por xubilación no Centro de Orientación Familiar de Orillamar, na cidade da Coruña, as medidas específicas de apoio a este tipo de centros que está a levar a cabo e a apertura doutros novos

- 57008 - 46736 (10/PRE-014606)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a evolución que presenta a situación demográfica das comarcas de Ourense e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto



- 57007 - 46799 (10/PRE-014608)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos resultados do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, as razóns da demora e o prazo previsto para a presentación do proxecto de lei anunciado para o seu impulso, así como as actuacións que vai levar a cabo ao respecto

- 56570 - 48066 (10/PRE-014740)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego do resultado dos *Trashtag challenges* desenvolvidos na Costa da Morte, no referido á cantidade de residuos localizados, así como as actuacións e as medidas previstas para a súa diminución

- 56568 - 49684 (10/PRE-014886)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre os recursos específicos do Sergas para o tratamento do alcoholismo, dados os datos epidemiolóxicos publicados recentemente respecto da súa incidencia en Galicia

- 57006 - 49948 (10/PRE-014937)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da ampliación da dotación de persoal e de servizos prevista para o novo Centro de Saúde de Gondomar

- 57005 - 50610 (10/PRE-014982)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a universalización do ensino entre os 0 e 3 anos, a dispoñibilidade dalgún plan para o despregamento dunha rede pública de ensino infantil que teña en conta as necesidades reais da poboación, así como as súas previsións respecto do incremento para o ano 2020 das partidas orzamentarias destinadas á construción de novas escolas infantís públicas

- 56558 - 51645 (10/PRE-015029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade da autorización e documentación necesaria pola empresa promotora das obras que se están a levar a cabo na serra do Oribio, no Courel, e a verificación pola Xunta de Galicia dos posibles danos ocasionados pola maquinaria no patrimonio cultural, así como as medidas adoptadas ou previstas ao respecto

- 57004 - 51745 (10/PRE-015042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis



Sobre a xestión que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria, así como as medidas que vai adoptar para solucionar a situación na que se atopa

- 56550 - 51946 (10/PRE-015056)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre a recepción por parte do Goberno galego da solicitude do Concello de Arteixo referida á creación dunha rotonda e dun paso de peóns na intersección da estrada autonómica AC-552 coa estrada provincial DP-0507 na parroquia de Larín, así como o contido e a viabilidade do proxecto e as súas previsións ao respecto

- 57003 - 52367 (10/PRE-015078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia e as demandas realizadas ao Goberno central con respecto á diminución da actividade da central térmica das Pontes e as súas repercusións no sector auxiliar

- 56547 - 52384 (10/PRE-015080)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión e as previsións do Goberno galego respecto da supresión dunha praza de formación en Farmacia Hospitalaria no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e da súa posible incidencia na garantía da igualdade na asistencia sanitaria nas diferentes áreas, así como nesa especialidade en Ourense

- 56546 - 52435 (10/PRE-015088)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre o orzamento previsto, a dotación de profesionais e a planificación do Goberno galego para a ampliación da hospitalización no domicilio a todo o territorio de Galicia, así como a dotación de recursos que vai realizar para mellorar a atención domiciliar dos pacientes crónicos avanzados e complexos e dos que requiren coidados paliativos na atención primaria

- 56545 - 52583 (10/PRE-015096)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posta en marcha por parte do Goberno galego de campañas de concienciación masivas destinadas ao fomento do uso de bolsas reutilizables

- 56544 - 52627 (10/PRE-015102)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Sánchez García, Antón

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade para organizar e garantir a calidade asistencial durante o período estival nas zonas da costa ou receptoras de turismo



- 57010 - 42108 (10/PRE-015122)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 13 máis

Sobre o balance e as previsións da Xunta para o desenvolvemento das estacións intermodais nas principais cidades galegas

- 56600 - 42410 (10/PRE-015205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do rescate da concesión e supresión da peaxe na autovía AG-57

- 57031 - 46739 (10/PRE-015722)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a incidencia da política económica seguida polo Goberno galego na situación demográfica das comarcas de Ourense

- 57033 - 46814 (10/PRE-015733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a presentación do proxecto de lei de impulso demográfico no Parlamento de Galicia para o seu debate

- 56790 - 49799 (10/PRE-016041)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para resolver as carencias de persoal e de recursos materiais existentes no Hospital Comarcal de Verín

- 56788 - 49988 (10/PRE-016055)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Sergas para garantir a cobertura da praza de pediatra que vai quedar vacante pola xubilación da persoa titular nos centros de saúde de Barro e de Monte Porreiro, en Pontevedra

- 56564 - 51054 (10/PRE-016129)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a valoración do Goberno en relación coa atención sanitaria para as persoas con ludomanía

- 56561 - 51549 (10/PRE-016161)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis



Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación ao Centro de Saúde de Moaña do persoal necesario para garantir a calidade asistencial

- 56559 - 51644 (10/PRE-016169)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos danos causados no patrimonio cultural polas obras de construción dun parque eólico na serra do Oribio, no Courel

- 56553 - 51915 (10/PRE-016191)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da política laboral que está a levar a cabo no Sergas

- 57009 - 52671 (10/PRE-016205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a previsión da Consellería de Sanidade en relación co problema de saturación e de sobrecarga para os profesionais e para os pacientes do Centro de Saúde de Meaño

- 57032 - 46738 (10/PRE-016280)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a evolución que presenta a situación demográfica das comarcas de Ourense e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

- 57011 - 42107 (10/PRE-016335)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 13 máis

Sobre o balance e as previsións da Xunta para o desenvolvemento das estacións intermodais nas principais cidades galegas

- 56590 - 42409 (10/PRE-016358)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a opinión e as actuacións previstas por parte da Xunta de Galicia respecto da supresión ou rebaixa da peaxe na autovía AG-57 e a valoración da oportunidade do rescate da concesión

- 56586 - 44209 (10/PRE-016433)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia do estado das estradas da contorna de Palas de Rei

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do procedemento para a provisión por concurso do posto AP109 de adxunto/a á Xefatura do Servizo de Tecnoloxías da Información do Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 1 de outubro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Por acordo da Mesa do Parlamento do 10 de xuño de 2019 convocouse concurso de méritos para a provisión do posto AP109 de adxunto/a á Xefatura do Servizo de Tecnoloxías da Información do Parlamento de Galicia.

A comisión de valoración, nomeada por resolución da Presidencia do 9 de setembro de 2019, na súa reunión do 23 de setembro de 2019, procedeu á valoración dos méritos do único aspirante ao posto, e á vista das puntuacións obtidas que se reflicten no cadro do anexo, de conformidade coa base sétima da convocatoria, acordou propoñerlle á Mesa do Parlamento a asignación do posto de traballo vacante AP109 de adxunto/a á Xefatura do Servizo de Tecnoloxías da Información do Parlamento de Galicia ao funcionario D. Ignacio Cid Gómez.

A Mesa, ao abeiro do disposto no artigo 28 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Resolver o procedemento de provisión do posto de traballo de axunto/a á Xefatura do Servizo de Tecnoloxías da Información da Administración do Parlamento de Galicia (posto AP109 da relación de postos de traballo da Administración do Parlamento de Galicia) coa designación para o seu desempeño do funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia, pertencente ás escala de tecnoloxías da información do corpo superior, D. Ignacio Cid Gómez.

2º. Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para que proceda a realizar os trámites precisos para a súa execución.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS DE
GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NOS EPISODIOS DE SECA E NAS
SITUACIÓNS DE RISCO SANITARIO (NUM. EXPE. 10/PL-000017).**

Emenda nº1, de Modificación. Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario

Modificación do título da lei por:

“Proxecto de lei de medidas de garantía de abastecemento ante situacións de seca e en episodios de risco sanitario”.

En consonancia, faranse as modificacións oportunas no articulado e na exposición de motivos

Emenda nº2, ao apartado a), de Substitución. Artigo 1

No apartado a) do Artigo 1, substituír o texto polo seguinte:

"a) Garantir a prestación adecuada dos servizos de abastecemento en alta ou aducción e a subministración de auga en baixa ou distribución apta para o consumo humano e para as actividades económicas, en todo o territorio de Galicia, cando exista unha situación de seca, tendo en conta os recursos hídricos disponibles."

Emenda nº3, ao apartado b), de Modificación. Artigo 1

No apartado b) do Artigo 1, substituír: “un episodio de seca”, por: “una situación de seca”

Emenda nº4, ao apartado c) bis), de Adición. Artigo 1



Engadir un novo apartado c) bis) no Artigo 1 co seguinte contido:

"c) bis. Desenvolver políticas transversais de preservación dos recursos hídricos, con especial atención á protección das augas subterráneas, dos acuíferos, dos cursos de auga e das concas fluviais."

Emenda nº5, ao apartado c) ter), de Adición. Artigo 1

Engadir una nova letra c) ter) no Artigo 1 co seguinte contido:

"c) ter. Desenvolver políticas sectoriais que garantan a conservación dos recursos hídricos e o abastecemento de auga á poboación, orientando neste sentido a política forestal, mineira, urbanística e de construción de infraestruturas e de equipamentos."

Emenda nº6, ao apartado c) quater), de Adición. Artigo 1

Engadir un novo apartado c) quater) no Artigo 1 co seguinte contido:

"c) quater. Desenvolver a nova cultura da auga, promovendo medidas de prevención, redución, aforro e de uso sustentábel dos recursos hídricos, dirixidas ao ámbito das administracións, da poboación e das empresas, co obxecto de conseguir reducir de maneira sensíbel o consumo de auga por persoa."

Emenda nº7, ao apartado c) quinquies), de Adición. Artigo 1

Engadir un novo apartado c) Quinquies) co seguinte contido:

"c) quinquies. Artellar medidas de avaliación e estudo das necesidades presentes e futuras das diferentes áreas xeográficas de Galiza, tendo en conta as previsións de evolución das precipitacións, das temperaturas, a dispoñibilidade de recursos hídricos e as necesidades de



abastecemento para a poboación e para as actividades económicas."

Emenda nº8, ao apartado c) sexies), de Adición. Artigo 1

Engadir un novo apartado c) sexies) co seguinte contido:

"c) sexies. Adoptar medidas para garantir a calidade da auga dos ríos, actuando especialmente nos treitos contaminados e nos encoros."

Emenda nº9, ao apartado 2, de Adición. Artigo 5

Engadir no apartado 2 do Artigo 5, despois de "as administracións", o seguinte texto: "e todos os axentes sociais e económicos".

Emenda nº10, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 5

Engadir un novo apartado 2 bis) no Artigo 5 co seguinte texto:

"2 bis. A administración hidráulica de Galicia promoverá a máis ampla participación das administración, das comunidades de augas, dos sectores socio-económicos e das organizacións de persoas consumidoras na elaboración e aprobación do plan de seca."

Emenda nº11, ao apartado 2 ter), de Adición. Artigo 5

Engadir un novo apartado 2 ter) no Artigo 5 co seguinte texto:

"2 ter. O Plan de seca será sometido a avaliación e ditame do Consello Asesor para o Uso Sustentábel da Auga."

Emenda nº12, ao apartado 8 bis), de Adición. Artigo 6



Engadir un novo apartado 8 bis) no Artigo 6 co seguinte contido:

"8 bis.O Plan de seca conterà, ademais de medidas de resposta diante de escenarios de seca, medidas de avaliación de riscos e de prevención, redución do consumo e bo uso dos recursos especialmente destinadas a aquelas zonas con maior déficit de recursos hídricos."

Emenda nº13, ao apartado 1, de Adición. Artigo 7

Engadir o seguinte texto no apartado 1 do Artigo 7:

"Para a realización deste informe contarase, cando menos, coa participación das administración locais e das comunidades de augas."

Emenda nº14, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 7

Engadir un novo apartado 3 bis) no Artigo 7 co seguinte texto:

"3 bis. Ademais destes efectos negativos das secas, cada revisión deberá avaliar as causas deste proceso, analizando as consecuencias das políticas forestais, mineiras, de construción de infraestruturas, urbanísticas e de ordenación do territorio na cantidade e na calidade dos recursos hídricos."

Emenda nº15, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 8

Engadir un novo apartado 2 bis) no Artigo 8 co seguinte contido:

"2 bis. A Xunta de Galicia negociará co Estado a transferencia de todas as competencias en materia de concas de augas, nomeadamente as relativas á conca hidrográfica Miño-Sil."

Emenda nº16, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 9



No apartado 6 do Artigo 9 substituír: “No procedemento de aprobación” por “No procedemento de elaboración e aprobación”.

Emenda nº17, ao apartado 6 bis), de Adición. Artigo 9

Engadir un novo apartado 6 bis) co seguinte contido:

"6 bis. Previamente aos plans de emerxencia ante situacións de seca, a administración hidráulica de Galiza deberá levar a cabo as seguintes medidas:

- Aprobar o Plan Xeral Galego de Abastecemento e de ser o caso, dos Plans Locais de Abastecemento.
- Dispoñer dun programa de accións específicas dirixidas á racionalización dos consumos de auga e o conseguinte aforro de recursos hídricos.
- Definir os criterios xerais, en coherencia cos plans de seca, para a elaboración por parte das entidades locais afectadas dos seus plans de emerxencia.
- Determinar o marco xeral de financiamento das obras hidráulicas de abastecemento, tanto no que ten que ver coa construción de novas redes como as relativas á mellora da eficiencia das existentes.

Asemade, corresponderá tamén a Augas de Galicia a coordinación dos plans de emerxencia das administracións públicas responsábeis de sistemas de abastecemento urbano que sirvan a unha poboación igual ou superior a vinte mil habitantes."

Emenda nº18, ao apartado 1, de Adición. Artigo 10

No apartado 1 do Artigo 10 engadir despois de: “aplicación”, e antes de: “e nos instrumentos”, o seguinte:

“na lei 9/2010 de augas de Galicia, no Regulamento 1/2015 polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia”.



Emenda nº19, ao apartado f bis), de Adición. Artigo 10

Engadir un novo apartado f) bis) no Artigo 10:

"f) bis. Un programa de accións específicas dirixidas á racionalización dos consumos de auga, de reutilización e o conseguinte aforro de recursos hídricos."

Emenda nº20, ao apartado f) ter), de Adición. Artigo 10

Engadir un novo apartado f) ter) co seguinte contido:

"f) ter. Avaliación da dispoñibilidade de augas subterráneas e superficiais e das medidas para a súa conservación e xestión sustentábel, tendo en conta as necesidades de abastecemento para a poboación e para as actividades económicas."

Emenda nº21, ao apartado f) quater), de Adición. Artigo 10

Engadir un novo apartado f) quater) co seguinte contido:

"f) quater. As medidas a adoptar para a preservación dos recursos hídricos, entre elas as relativas ao ámbito forestal, conservación da biodiversidade, xestión da vexetación, infraestruturas, equipamentos, actividades mineiras e de produción de enerxía."

Emenda nº22, ao apartado 1, de Adición. Artigo 12

Engadir ao final do apartado 1 do Artigo 12 o seguinte texto:

"Asemade, as administración públicas aplicarán políticas de carácter xeral para a protección dos recursos hídricos, nomeadamente aquelas referidas á protección da biodiversidade, das augas superficiais, das bacías fluviais, de restricción dos monocultivos forestais e de defensa contra os incendios e os seus efectos sobre os solos e nos recursos hídricos."



Emenda nº23, ao apartado 2, de Adición. Artigo 12

Engadir no apartado 2 do Artigo 12 o seguinte texto ao final:

"Asemade, a administración autonómica, co asesoramento do Consello para o uso sustentábel da auga, promoverá o desenvolvemento dun Plan de racionalización e uso sustentábel da auga para o consumo humano así como a publicación de guías, manuais de boas prácticas e materiais didácticos relativos á nova cultura da auga prestando atención especial á corresponsabilidade, o uso sustentábel da auga, a racionalización e redución do consumo, e a reutilización. Ademais, elaborárase un Plan de aproveitamento e uso de augas non aptas para consumo humano e con carácter xeral tenderase a evitar o uso de auga potabilizada para aqueles usos que non sexa necesario."

Emenda nº24, ao apartado 3, de Adición. Artigo 12

Engadir no apartado 3 do Artigo 12 ao final do primeiro parágrafo o seguinte texto:

"A estrutura tarifaria rexeráse, ademais, polos criterios do incentivo do aforro e a penalización do consumo abusivo."

Emenda nº25, ao apartado 3, de Adición. Artigo 13

Engadir no apartado 3 do Artigo 13 o seguinte texto:

"Para a coordinación e execución destas medidas crearase un gabinete de crise coa participación das administración local e autonómica."

Emenda nº26, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 16

Engadir un novo apartado 4 bis) no Artigo 16 co seguinte texto:



"4 bis. A administración hidráulica e sanitaria desenvolverán un protocolo de seguimento e avaliación da calidade sanitaria da auga dos encoros, un programa de información á poboación sobre posíbeis riscos derivados do consumo e contacto con estas augas en casos de contaminación, así como un Plan de actuación para a eliminación dos riscos derivados destas situacións. O protocolo de seguimento e avaliación de cada un dos encoros e dos ríos afectados por contaminación deberá estar aprobado no prazo máximo de 12 meses. O Plan de eliminación de riscos deberá estar aprobado no prazo máximo de 2 anos."

Emenda nº27, ao apartado 1, de Adición. Artigo 18

Engadir no apartado 1 do Artigo 18 o seguinte texto ao final:

"Cando sexa declarada una situación de risco sanitario por contaminación de augas para o abastecemento humano, constituirase un gabinete de crise coa participación das administración con competencias na materia e no territorio."

Emenda nº28, ao apartado 1, de Adición. Artigo 22

Engadir ao final do apartado 1 do Artigo 22 o seguinte texto:

"Estas actuacións de carácter excepcional serán acordadas entre a administración hidráulica galega e as administración locais con competencias no territorio nos que se produza a situación de seca ou risco sanitario."

Emenda nº29, ao apartado 2, de Adición. Artigo 23

Engadir no apartado 2 do Artigo 23 ao final o seguinte:

"A declaración pola administración hidráulica competente da insuficiencia de recursos hídricos a efectos de abastecemento de auga para o consumo humano farase previa consulta ás administración locais con competencias no territorio."



Emenda nº30, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 24

Engadir un novo apartado 1 bis) no Artigo 24 co seguinte contido:

"1 bis. Na tramitación de obras hidráulicas de abastecemento polo procedemento de emerxencia, deberá elaborarse un informe de impacto das actuacións previstas, así como un estudo das diversas alternativas para facer fronte á situación, priorizando as medidas que teñan menor impacto sobre o medio, a actividade económica e o territorio."

Emenda nº31, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 24

Suprimir o primeiro parágrafo do apartado 3 do Artigo 24 na súa totalidade, así como a expresión "sempre que sexa posible" no segundo parágrafo.

Emenda nº32, ao apartado 2, de Adición. Artigo 25

Engadir no apartado 2 do Artigo 25, o seguinte:

"Calquera modificación das condicións de utilización do dominio público hidráulico farase previa consulta ás partes afectadas. No caso de administración públicas, farase contando co acordo destas."

Emenda nº33, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 26

No apartado 4 do Artigo 26 substituír o primeiro parágrafo polo seguinte:

"4. O Consello Reitor de Augas de Galicia, no ámbito dunha situación de emerxencia e cando se dean situacións excepcionais, poderá acordar a non aplicación do rexime de caudais ecolóxicos previsto coa finalidade de satisfacer as necesidades prioritarias de abastecemento á poboación. Para a adopción deste acordo deberá xustificarse que esa é a única alternativa viable e deberá contarse co informe preceptivo e vinculante do departamento con competencias en materia de patrimonio natural e biodiversidade."



Emenda nº34, ao apartado 2, de Modificación. Disposición adicional segunda

No apartado 2 da Disposición adicional segunda, substituír: “no prazo máximo de dous anos a contar desde a entrada en vigor da presente lei”, por: “no prazo máximo de 4 anos a partir da realización da auditoría prevista no número anterior”.

Emenda nº35, ao apartado 2, de Adición. Disposición adicional segunda

Engadir no apartado 2 da Disposición adicional segunda, o seguinte ao final:

"O Plan de actuación contará coa financiación da administración hidráulica de Galicia no marco do Plan Xeral Galego de Abastecemento e do Plan Hidrolóxico Galicia Costa, nos termos previstos na Disposición Adicional Cuarta. A administración hidráulica de Galicia elaborará un plan específico de mellora e modernización das redes de abastecemento de comunidades de augas veciñais."

Emenda nº36, ao apartado 1, de Substitución. Disposición adicional cuarta

No apartado 1 da Disposición adicional cuarta substituír o texto polo seguinte:

"1. No prazo máximo de 4 anos a contar desde a realización da auditoría, as entidades titulares de redes de abastecemento adoptarán as medidas necesarias para garantir que as perdas de auga nas redes de abastecemento se sitúen por debaixo do 20% do volumen total de auga captada.

As entidades que reduzan os prazos para a realización da auditoría e para garantir que as perdas se sitúan por baixo do 20% terán prioridade no financiamento por parte de Augas de Galicia do plan de actuación.



A administración hidráulica galega poderá establecer medidas específicas de cooperación e de compensación coas administracións locais que no momento de entrada en vigor da presente lei xa cumpran os obxectivos de redución de perdas de auga previstos nesta lei."

Emenda nº37, de Adición. Disposición adicional sexta bis)

Engadir una nova Disposición adicional sexta bis) co seguinte texto:

"Disposición adicional sexta bis. Plans de racionalización
Todas as administración públicas responsábeis de sistemas de abastecemento á poboación aprobarán, no prazo máximo de 2 anos, plans de racionalización, reutilización, redución e consumo responsábel de auga. Estes plans incluírán medidas de reutilización de augas depuradas."

Emenda nº38, de Adición. Disposición adicional sexta Ter)

Engadir unha nova Disposición adicional sexta ter co seguinte texto:

"Disposición adicional sexta ter. Auditoría e plans de actuacións sobre perda nas redes de abastecemento por parte de empresas privadas
As empresas privadas que teñan concesións para o abastecemento de auga deberán realizar a auditoría e o plan de actuación nos termos previstos na Disposición adicional segunda. Poderán revisarse as concesións para adaptalas á situación actual de disponibilidad de recursos hídricos."

Emenda nº39, de Adición. Disposición adicional sexta quater)

Engadir una nova Disposición adicional sexta quater co seguinte texto:



"Disposición adicional sexta quater. Estructura tarifaria de referencia

A administración hidráulica de Galiza e as entidades locais aprobarán unha estrutura tarifaria homonénea e de referencia para o ciclo urbano da auga no prazo máximo de dous anos. O obxectivo desta norma será homonexeizar os custos do subministro de auga primando o aforro e penalizando o consumo abusivo e o dispendio."

Emenda nº40, de Adición. Disposición adicional sexta quinquies)

Engadir unha nova Disposición adicional sexta quinquies co seguinte texto:

"Disposición Adicional Sexta quinquies. Criterios para os investimentos hidráulicos

A administración hidráulica de Galiza e as entidades locais aprobarán, no prazo máximo de dous anos, os Criterios de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas."

Emenda nº41, de Adición. Disposición adicional sexta sexies)

Engadir unha nova Disposición adicional sexta sexies co seguinte texto:

"Disposición Adicional Sexta sext Plan Xeral Galego de Abastecemento

No prazo máximo de un ano desde a entrada en vigor da presente lei, a Xunta de Galicia aprobará o Plan Xeral Galego de Abastecemento e os Plans Locais de Abastecemento."

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/10/2019 13:59:42





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57025
Data envío: 04/10/2019 14:00:03.105

Ana Pontón Mondelo na data 04/10/2019 13:59:51

CSV: BOPGDSPG2gK18mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO GRUPO
COMÚN DA ESQUERDA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS DE
GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NOS EPISODIOS DE SECA E NAS
SITUACIÓNS DE RISCO SANITARIO (NUM. EXPE. 10/PL-000017).**

Emenda nº1, ao apartado c bis), de Adición. Artigo 1

Débase engadir un novo apartado:

"c bis) Establecer as medidas necesarias para recuperar o bo estado cuantitativo e de calidade de acuíferos e o bo estado ecolóxico dos ríos, lagos e zonas húmidas no ámbito da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. Coa finalidade de preservar e aumentar a resiliencia dos ecosistemas e sistemas acuíferos maximizando as súas capacidades reguladoras e rexeneradoras da calidade das augas, como base prioritaria para establecer as estratexias de seca."

Emenda nº2, ao apartado c ter), de Adición. Artigo 1

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

"c ter) Establecer as estratexias de aforro, eficiencia e xestión da demanda, xeralizando a implantación de contadores, introducindo sistemas tarifarios por consumo baseados en criterios de recuperación de custes, incluídos custes ambientais e de oportunidade"

Emenda nº3, ao apartado c quater), de Adición. Artigo 1

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

"c quater) Garantir a xeración de novos caudais en períodos de seca mediante a aplicación das mellores tecnoloxías dispoñibles. Sendo a valoración e selección destas opción en base a perspectivas de sustentabilidade tanto ambiental como económica e social."



Emenda nº4, ao apartado II bis), de Adición. Artigo 2

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"II bis) Caudal ecolóxico: Caudal que contribúe a alcanzar o bo estado e o bo potencial ecolóxico nos ríos ou nas augas de transición e mantén, como mínimo, a vida piscícola que de maneira natural habitaría ou puidera habitar no río, así como a súa vexetación de ribeira."

Emenda nº5, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 4

Engadirase o seguinte punto:

"4 bis) Augas de Galicia velará pola calidade dos servizos e das redes de abastecemento de auga, para o axeitado cumprimento desta lei. Desenvolvendo os mecanismos necesarios de asesoramento e soporte xurídico, técnico, administrativo e financeiro ás administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento."

Emenda nº6, ao apartado 4 ter), de Adición. Artigo 4

Engadirase o seguinte punto:

"4 ter) As actuacións inspectoras previstas nesta lei, contarán cos axeitados mecanismos de participación e control público."

Emenda nº7, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 5

Debénse engadir un novo punto co seguinte texto:

"2 bis) O Plan definirá, no seu ámbito territorial de aplicación, as medidas de xestión que adoptarán as administracións con competencias para xestionar os riscos baixo incertidume, como os que se derivan do proceso de cambio climático en curso, baixo o principio de precaución, tal e como exige a Directiva Marco de Auga."



Emenda nº8, ao apartado 2 ter), de Adición. Artigo 5

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"2 ter) O Plan definirá, no seu ámbito territorial de aplicación, as medidas necesarias para recuperar o bo estado cuantitativo e de calidade de acuíferos e o bo estado ecolóxico dos ríos, lagos e zonas húmidas, no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa."

Emenda nº9, ao apartado 2 quater), de Adición. Artigo 5

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"2 quater) O Plan de Seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa definirá, no seu ámbito de aplicación territorial, as estratexias de aforro, eficiencia e xestión da demanda de recursos hídricos."

Emenda nº10, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 6

Débese substituír o texto do punto 1. polo seguinte:

1. O plan de seca deseñará e aplicará as axeitadas directrices de prevención e xestión dos riscos da seca que se perfilan en calquera dos posibles escenarios de futuro plausibles asociados ao marco de cambio climático en curso, estas directrices estarán baseadas no principio de precaución. O plan de seca definirá asemade os pertinentes indicadores, limiares e medidas de emerxencia, nos seus diferentes niveis, de cara a xestionar as crises de seca cando se presenten.

Emenda nº11, ao apartado 2, de Adición. Artigo 6

Débese engadir ao final do punto 2, despois de "...conxuntural":
"...e crónica".



Emenda nº12, ao apartado 8 bis), de Adición. Artigo 6

Engadirase un novo apartado co seguinte texto:

"8 bis) O Plan de seca incluírá estratexias de xestión integrada de acuíferos e recursos superficiais, prevendo a realimentación artificial de acuíferos en períodos húmidos. Coa finalidade de recuperar o bo estado dos acuíferos e o bo estado ecolóxico das zonas húmidas, reforzando así as capacidades inerciais e reguladoras da natureza, tanto en parámetros de cantidade de caudais como de rexeneración e conservación de calidade dos mesmos."

Emenda nº13, ao apartado 8 ter), de Adición. Artigo 6

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"8 ter) É preciso deseñar e desenvolver procesos de información e sensibilización cidadá que permitan aplicar con rigor a lei en materia de verquidos e extraccións ilegais en Dominio Público. Intensificando os esforzos en períodos de seca, nos que o interese público de tal rigor resulta evidente."

Emenda nº14, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 7

Engadirase un novo apartado:

"3 bis) As actuacións de seguimento e revisión previstos no Plan de Seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa contarán cos axeitados mecanismos de participación cidadá e control público."

Emenda nº15, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 12

Débese substituír o texto do punto 2 polo seguinte:

"2. As administracións públicas, no seu ámbito de competencia, velarán e establecerán as medidas pertinentes para asegurar



que a auga apta para o consumo humano, dispoñible para o abastecemento á poboación, satisface a demanda de abastecemento e que non se producen consumos excesivos. Neste sentido Augas de Galicia desenvolverá os mecanismos necesarios de asesoramento e soporte xurídico, técnico, administrativo e financeiro ás administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento. Dentro das estratexias e medidas necesarias para este obxectivo figurarán:

- a. Estratexias de xestión integrada de acuíferos e recursos superficiais, prevendo a realimentación artificial de acuíferos en períodos húmidos. Coa finalidade de recuperar o bo estado dos acuíferos e o bo estado ecolóxico das zonas húmidas, reforzando así as capacidades inerciais e reguladoras da natureza, tanto en parámetros de cantidade de caudais como de rexeneración e conservación de calidade dos mesmos.
- b. Actuacións de conservación e mantemento necesarias para que as infraestruturas de abastecemento garantan o uso sustentable dos recursos.
- c. Estratexias de aforro e eficiencia mediante plans de modernización para paliar os altos niveis de ineficiencia vixentes, tanto en usos agrarios como nas redes urbanas. Os aforros deben ir destinados a mellorar o estado de ecosistemas e acuíferos, así como para xerar reservas de seca. As inversións públicas destinadas a financiar a modernización de regadíos e redes urbanas deben ir acompañadas da correspondente revisión concesional á baixa acompañada do conseguinte aumento de garantía en seca.
- d. Revisión e actualización de concesións, reestruturando condicións , introducindo criterios que flexibilicen as concesións, especialmente nas hidroeléctricas, a fin de ampliar as marxes de xestión das secas."

Emenda nº16, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 12

Débase substituír o texto do punto 3 polo seguinte:

"3. A estrutura tarifaria, incluídos, se é o caso, os mínimos exentos dos tributos relacionados cos sistemas de abastecemento á poboación, a rede de sumidoiros e os sistemas de depuración que establezan as administracións públicas responsables en cada caso de presentación de servizos, deberá deseñarse de modo que responda aos principios de uso eficiente da auga, consumo responsable,



equidade, transparencia e recuperación dos custos deste servizo (incluídos os custes ambientais e de oportunidade). Deben deseñarse e aplicarse con rigor criterios da xestión económica da escaseza aos usos propiamente económicos, incorporando na tarifa o chamado custe de oportunidade ou de escaseza do recurso, co obxectivo de suscitar estratexias de xestión da demanda sobre os usos económicos da auga asumindo a escaseza como unha realidade inexorable a xestionar.

As administración públicas responsables revisarán as súas ordenanzas ou normas reguladoras dos distintos servizos ao obxecto de conseguir unha estrutura tarifaria axustada a estes principios.

En particular, de cordo co principio de equidade, as administración públicas responsables só poderán facturarlles ás persoas usuarias aqueles servizos previstos no primeiro parágrafo desta liña que sexan efectivamente prestados

Así mesmo, para o cumprimento dos principios antes indicados, a estrutura tarifaria do servizo de abastecemento, diferenciará os tramos en función do volume de auga consumida. Os tramos básicos da tarifa urbana (por bloques crecentes) deben permanecer en prezos asequibles, aínda que haxa problemas de escaseza, pois non son estes consumos a raíz do problema. Nos tramos altos e en todas as actividades económicas a tarifa a pagar debe reflexar a escaseza existente e previsible, de forma que se activen, por motivación económica, cantas opción de aforro e eficiencia estean dispoñibles para os usuarios.

O sistema de facturación será facilmente comprensible pola persoa usuaria e os custos administrativos derivados do sistema responderán ao principio de eficiencia."

Emenda nº17, ao apartado 5 bis), de Adición. Artigo 12

Debese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"5 bis) As administración públicas competentes velarán pola introdución de criterios de dispoñibilidade de auga no desenvolvemento urbanístico. Neste sentido Augas de Galicia expedirá un certificado de dispoñibilidade de caudais en novos desenvolvementos urbanísticos, nos que figure a garantía, ou non, de abastecemento en períodos de seca."



Emenda nº18, ao apartado 5 ter), de Adición. Artigo 12

Débase engadir un novo apartado:

"5 ter) As admiracións públicas, no seu ámbito de competencia, tomarán as medidas necesarias para favorecer a rexeneración e reutilización de retornos, especialmente en zonas costeiras. Alén dos esforzos necesarios na modernización das redes urbanas, trátase de pechar os ciclos de rexeneración e reutilización de retornos, mediante a instalación de dobre rede."

Emenda nº19, ao apartado 5 quater), de Adición. Artigo 12

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

"5 quater) As administración públicas competentes introducirán as medidas oportunas que permitan a captación, drenaxe e xestión de augas pluviais. Neste sentido será necesario a drenaxe separado de augas de choiva e tratamento natural en humidaís artificiais. Resulta necesario, para esta fin, introducir a drenaxe separativa, a permeabilización de superficies urbanas e a captación de auga de choiva en cisternas e pozos, tanto en novos desenvolvementos urbanísticos, como en zonas xa urbanizadas, mediante axeitados incentivos económicos."

Emenda nº20, ao apartado 5 quinquies), de Adición. Artigo 12

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

"5 quinquies) As administración públicas con competencias na materia desenvolverán de forma coordinada programas de información, formación e educación cidadá. Estes programas terán carácter permanente e non só conxuntural para momentos de emerxencia."

Emenda nº21, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 26

Débase substituír o punto 1. polo seguinte:



"1. Conforme á normativa reguladora dos plans hidrolóxicos o plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa establecerá o réxime de caudais ecolóxicos aplicable en condicións ordinarias e en condición de seca.

En caso de secas prolongadas poderase aplicar un réxime de caudais ecolóxicos menos exixente, sempre que se cumpran as condicións que establece o artigo 38 do Regulamento de Planificación Hidrolóxica, aprobado mediante Real DECRETO 907/2007, de 6 de Xullo, onde se recolle o articulado e detalla as disposicións do TRLA relevantes á planificación hidrolóxica, sobre o deterioro temporal do estado das masas de auga. Esta excepción non se aplicará ás zonas incluídas na Rede Natura 2000. Nestas zonas considerase prioritario o mantemento do réxime de caudais ecolóxicos, aínda que se aplicará a regra sobre supremacía do uso para abastecemento á poboación."

Emenda nº22, ao apartado 1, de Modificación. Disposición adicional segunda

Débase substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

"1. No prazo máximo de dous anos, contando desde a entrada en vigor desta lei, todas as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación deberán levar a cabo unha auditoría co obxecto de cuantificaren as perdas de auga nas súas instalación de abastecemento en alta e de subministración en baixa. Neste sentido Augas de Galicia colaborará para acadar os obxectivos fixados, poñendo a disposición das administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento os mecanismos necesarios de asesoramento e soporte xurídico, técnico, administrativo e financeiro."

Emenda nº23, ao apartado I, de Modificación. Exposición de motivos

Débase substituír o texto dos 5 primeiros parágrafos do apartado I, dende: "A Lei 9/2010,..." ata ... dunha situación de risco sanitario." polo seguinte:

"A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, enumera os principios xerais da política de augas da



Comunidade Autónoma de Galicia. En materia de abastecemento, esta política fundaméntase en que a actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades locais no ámbito do abastecemento de poboacións garantirá a subministración de auga en cantidade e calidade adecuada a todos os núcleos de poboación legalmente constituídos no marco do que indique a planificación hidrolóxica aplicable.

A presente lei debe ter en conta o actual contexto ambiental e climatolóxico, de cara a establecer medidas e estratexias que sexan eficaces á hora de garantir o abastecemento de auga en períodos de seca, así como a prevención e xestión de futuros ciclos de seca. Neste sentido debemos ter en conta que os ciclos de seca tenderán a agravarse, tanto en intensidade como en frecuencia, baixo o proceso de cambio climático en curso, isto exige asumir na planificación que é necesario xestionar os riscos correspondentes aplicando o principio de precaución. Por outra banda, débese atender aos elementos que fragilizan a capacidade de xestión ante secas, como o uso maximalista dos recursos regulados, así como a contaminación sistemática de ríos e acuíferos, pois reducen a dispoñibilidade de augas de calidade.

Resulta esencial, neste contexto, asumir de forma consecvente os obxectivos e criterios básicos que establece a Directiva 2000/60/CE de 22 de decembro, na que se establece o marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, cuxa transposición foi realizada mediante a Lei 62/2003, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orden social que inclúe, no seu artigo 129, a modificación do Texto refundido da Lei de Augas, aprobado por Real decreto Legislativo 1 /2001, de 20 de xullo, pola que se incorpora ao dereito español a Directiva 2000/60/CE.

Dende a coherencia da Directiva Marco de Auga, as estratexias de prevención da seca deben basearse na recuperación do bo estado cuantitativo e de calidade dos acuíferos e o bo estado ecolóxico de ríos, lagos e zonas húmidas, coa fin de aumentar a resiliencia dos ecosistemas e sistemas acuíferos maximizando as súas capacidades reguladoras e rexeneradoras da calidade das augas. Establecendo, nun segundo nivel de prioridade estratexias de aforro, eficiencia e xestión da demanda baseados en criterios de recuperación de custes, incluídos custes ambientais e de oportunidade. En un terceiro nivel de prioridade, a valoración de posibles estratexias de xeración de novos caudais en períodos de seca mediante a aplicación das mellores tecnoloxías dispoñibles, asumindo perspectivas de sustentabilidade tanto ambiental como económica e social.



A garantía de abastecemento en períodos de seca e risco sanitario require de respostas áxiles, acertadas, coordinadas e colaborativas por parte das administracións competentes. Por iso, considérase necesario dotar esas administracións dos instrumentos xurídicos axeitados para poder xestionar estes episodios coa máxima eficacia e dilixencia posible, así como prever todos os escenarios plausibles a futuro, no marco de cambio climático en curso.

Abordar os ciclos de seca dende o ámbito da planificación hidrolóxica é algo que ven recollido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. Así no seu artigo 26.2.f) indícase que entre as funcións que corresponden á Administración Hidráulica de Galicia da Comunidade Autónoma de Galicia se atopa a elaboración dos instrumentos de planificación en materia de seca a que se refire o artigo 27 da Lei 10/2001, de 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico nacional, no ámbito das bacías intracomunitarias e, en todo caso, a coordinación dos plans de emerxencia das entidades locais mencionados no devandito precepto. Co coñecemento e a experiencia adquiridos nos anos transcorridos desde a entrada en vigor da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, considérase necesario ordenar e delimitar con maior detalle o alcance dos instrumentos de planificación, como ferramenta chave na coordinación entre as distintas administracións e para que a súa efectividade se estenda a todas as fases na evolución dun período de seca ou dunha situación de risco sanitario."

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 04/10/2019 14:03:33



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS DE GARANTÍA DO
ABASTECIMENTO NOS EPISODIOS DE SECA E NAS SITUACIÓNS DE
RISCO SANITARIO (NUM. EXPE. 10/PL-000017).**

Emenda nº1, ao apartado 5, de Substitución. Artigo 5

Debe substituírse o apartado 5, que quedará redactado do seguinte xeito:

"5. O escenario de normalidade é a situación na que os recursos hídricos dispoñibles son suficientes para garantir todos os usos do sistema de abastecemento á poboación e permiten o funcionamento do sistema de maneira normal. Partindo desta situación, na definición dos distintos escenarios que se poidan presentar nun episodio de seca teranse en conta, polo menos, os seguintes:

- a) Escenario de prealerta: situación na que non hai risco de desabastecemento á poboación en sentido estrito pero a evolución dos indicadores apunta a un incremento do risco a medio prazo.
- b) Escenario de alerta: situación de alto risco de insuficiencia de recursos para garantir o normal abastecemento á poboación no curto prazo.
- c) Escenario de emerxencia: situación máis grave con alta probabilidade ou ocorrencia de situacións de desabastecemento á poboación."

Emenda nº2, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 19

Débase substituír a expresión "A entidade xestora do abastecemento" por "A entidade pública ou privada que xestione total ou parcialmente a rede de abastecemento".

Emenda nº3, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 22



No primeiro parágrafo do apartado 1:

Onde di "no marco dun escenario de seca distinto ao de normalidade ou prealerta ou dunha situación de risco sanitario"

Debe dicir: "no marco dun escenario de seca distinto ao de prealerta ou dunha situación de risco sanitario"

Emenda nº4, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 22

No apartado 2:

Onde di "no marco dun escenario de seca distinto ao de normalidade ou prealerta ou dunha situación de risco sanitario"

Debe dicir: "no marco dun escenario de seca distinto ao de prealerta ou dunha situación de risco sanitario"

Emenda nº5, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 24

Co obxectivo de mellorar a claridade do apartado 2, efectúase un cambio na orde dos parágrafos do mesmo, que pasaría a quedar redactado do seguinte xeito:

"2. As obras hidráulicas de abastecemento promovidas pola Administración hidráulica de Galicia ao amparo do disposto no artigo 20 non precisarán de licenza municipal, nin estarán sometidas a ningún outro acto de control preventivo municipal, aínda que se deberá solicitar, con carácter previo á aprobación definitiva do documento técnico descritivo das obras, a emisión por parte das entidades locais afectadas dun informe de adecuación ao planeamento urbanístico vixente.

O informe deberá ser emitido e remitido por medios electrónicos no prazo de cinco días hábiles desde a súa solicitude. O transcurso do prazo para a súa realización e remisión sen que estas se verifiquen permitirá a continuación da tramitación do procedemento de acordo co disposto nos parágrafos seguintes, e entenderase a conformidade da entidade local coa execución da actuación.



No caso de compatibilidade da obra co planeamento urbanístico vixente, o órgano competente de Augas de Galicia aprobará o documento técnico e procederá á súa contratación e execución inmediata.

No caso de se emitir un informe sobre a incompatibilidade urbanística da obra, as entidades locais pronunciaranse ademais, nese mesmo trámite, sobre a oportunidade da actuación, manifestando a súa conformidade ou desconformidade coa súa execución, debendo ser esta última motivada, tendo en conta a ponderación de intereses locais en xogo e a adecuación da medida para satisfacer as necesidades de abastecemento de auga para o consumo humano derivadas dun episodio de seca ou dunha situación de risco sanitario.

No caso de que a obra resulte incompatible co plan urbanístico vixente, Augas de Galicia aprobará o documento técnico e requirirá un informe, para emitir con carácter de urxencia, á consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio sobre os aspectos urbanísticos da actuación e as modificacións do plan que sexan precisas para alcanzar a súa compatibilidade urbanística. Este informe será trasladado ás entidades locais afectadas para que poidan presentar alegacións, que serán emitidas e remitidas por medios electrónicos no prazo de cinco días hábiles.

Así que rematen os trámites anteriores, a consellaría competente en materia de augas remitirá o expediente completo ao Consello da Xunta, que, de proceder, resolverá de xeito motivado en atención ás razóns de urxencia e aos intereses públicos concorrentes. No caso de autorización definitiva da actuación polo Consello da Xunta, no acordo ordenarase tamén o inicio do procedemento de alteración urbanística correspondente consonte a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. O acordo do Consello da Xunta será inmediatamente executivo e habilitará Augas de Galicia para o inicio das obras logo da súa contratación de acordo co establecido nesta lei.

A entidade local afectada non poderá suspender a execución das obras sempre que se cumprise o trámite de informe previo, estea aprobado o proxecto técnico polo órgano competente, se efectuase a comunicación de tal aprobación á entidade local afectada e as obras se axusten ao proxecto ou ás súas modificacións."



Emenda nº6, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 25

Débase substituír o primeiro parágrafo do apartado 2, que pasará a estar redactado do seguinte xeito:

"2. Nas situacións anteriores, o Consello Reitor de Augas de Galicia poderá acordar medidas, no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, nos termos previstos nos correspondentes plans hidrolóxico e de seca aplicables na devandita demarcación, relativas á modificación temporal das condicións de utilización do dominio público hidráulico, calquera que sexa o título habilitante da dita utilización e en particular:"

Emenda nº7, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 25

Débase substituír o apartado 3, que pasará a estar redactado do seguinte xeito:

"3. O Consello Reitor de Augas de Galicia, no marco da xestión dun episodio de seca, de acordo co establecido nos plans hidrolóxico e de seca aplicables na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, poderá valorar, atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso, a conveniencia de realizar obras de captación, transporte ou adecuación de infraestruturas de abastecemento ou calquera outra medida proposta nos plans excepcionais elaborados polas administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación, como medida excepcional para mitigar os impactos xerados polo episodio de seca e garantir o abastecemento de auga para consumo humano."

Emenda nº8, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 29

Débase substituír o apartado 4, que pasará a estar redactado do seguinte xeito:

"4. As actuacións previstas neste precepto poderán adoptarse unha vez activado un escenario de alerta ou emerxencia, e enténdese sen prexuízo do dereito dos particulares afectados a ser indemnizados pola administración responsable da xestión



do sistema de abastecemento autorizada, nos casos nos que así proceda en aplicación do disposto no artigo 120 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa."

Emenda nº9, de Adición. Disposición derradeira quinta

Débase engadir unha nova Disposición derradeira co seguinte texto:

"Disposición derradeira quinta bis.

No prazo máximo de un ano, o Consello da Xunta de Galicia aprobará e presentará un proxecto de Lei de modificación da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia co obxecto de establecer, nos usos non domésticos da auga, un tipo de gravame mínimo no canon da auga e no coeficiente de vertedura que aplicará, respectivamente, sobre a base impoñible constituída polo volume de auga usada ou consumida e sobre a base impoñible constituída polo volume de auga vertida".

Emenda nº10, de Substitución. Exposición de motivos

Débense substituír os parágrafos 9 e 10 do apartado II da exposición de motivos, que pasarán a estar redactados do seguinte xeito:

"As disposicións adicionais regulan limitacións en momento de seca a dereitos preexistentes, a obrigatoriedade de que as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación realicen auditorías e plans de actuacións sobre as perdas nas redes de abastecemento, a obriga de instalación de contadores homologados, límites nas perdas de auga nas redes de abastecemento, a adaptación de plans e protocolos sanitarios e os supostos que poderían xerar dereito a indemnización por medidas adoptadas en períodos de seca.



As disposicións transitorias prevén normas específicas sobre a vixencia dos actuais plan de seca e plans de emerxencia ante situacións de seca da demarcación hidrográfica Galicia-Costa."

Emenda nº11, de Adición. Exposición de motivos

Deben engadirse 'in fine' os seguintes parágrafos no apartado II da exposición de motivos:

A disposición derradeira primeira modifica a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia para incorporar taxas pola prestación de servizos relacionados coa presentación de declaracións responsables en materia de augas.

A disposición derradeira segunda modifica varios artigos da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. Así, inclúese unha nova definición do concepto "abastecemento de auga en alta ou adución", co fin de corrixir erros na definición recollida na lei; precísase o alcance da actuación de Augas de Galicia nos procedementos expropiatorios; inclúese a posibilidade da concesión de abastecemento a favor de entidade pública empresarial Augas de Galicia en infraestruturas públicas básicas de abastecemento supramunicipal; incorpórase un novo tipo infractor para poder sancionar determinadas actuacións referidas a declaracións responsables en materia de augas; e régúlase a potestade sancionadora das entidades locais en materia de vertidos á rede de saneamento e depuración de augas residuais cando non exista ordenanza local reguladora da materia.

As disposicións derradeiras terceira e cuarta prevén normas específicas sobre a adaptación dos actuais plan de seca e plans de emerxencia ante situacións de seca da demarcación hidrográfica Galicia-Costa.

A disposición derradeira quinta, co fin de incrementar a eficiencia na xestión das redes de abastecemento, prevé a futura regulación dun gravame sobre as perdas de auga nas redes de abastecemento mentres que a disposición derradeira quinta bis prevé unha futura mudanza do canon da auga e coeficiente de vertedura co obxectivo de penalizar o consumo excesivo."





Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 04/10/2019 16:02:05

Pedro Puy Fraga na data 04/10/2019 16:02:18



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS DE
GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NOS EPISODIOS DE SECA E NAS
SITUACIÓNS DE RISCO SANITARIO (NUM. EXPE. 10/PL-000017).**

Emenda nº1, ao apartado 1.c bis), de Adición. Artigo 1

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra c bis, que terá o seguinte contido:

"c bis. Minimizar os efectos negativos sobre as actividades económicas, segundo a priorización de usos establecidos na lexislación de augas e nos plans hidrolóxicos."

Emenda nº2, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 1

No punto 2, deste artigo onde di: "... e das competencias que poidan corresponder ...", debe dicir: "... e das competencias que corresponden ..."

Emenda nº3, ao apartado 1, de Adición. Artigo 4

Débese engadir un novo punto 1 bis, que terá o seguinte contido:

"1 bis. As administracións públicas con incidencia na materia levarán a cabo as súas actuacións de inspección e control de xeito coordinado e buscando a máxima colaboración."

Emenda nº4, de Adición. Artigo 5

Débese engadir un novo artigo 5 bis, que terá o seguinte contido:



"Artigo 5 bis. "Procedemento de aprobación do plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa"

1. O Plan de seca será sometido a información pública, á audiencia das partes afectadas e ao informe do Consello asesor correspondente na materia de augas en Galicia.

2.- Augas de Galicia elaborará un informe en relación coas propostas recibidas nos trámites indicados e formulará unha proposta definitiva de proxecto do Plan de seca, que será sometida á valoración do consello asesor correspondente na materia de augas en Galicia.

3.- En calquera caso no trámite de elaboración destes plans de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa garantírase a axeitada participación pública das persoas usuarias e dos interlocutores económicos e sociais; así como previa participación activa das administracións afectadas, singularmente os concellos.

4.- Os plans de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa serán aprobados polo Consello da Xunta de Galicia e serán publicados no Diario Oficial de Galicia. Previamente remitiranse ao Parlamento de Galicia para o seu pronunciamento."

Emenda nº5, ao apartado 8 bis), de Adición. Artigo 6

Débesse engadir un novo punto 8 bis, que terá o seguinte contido:

"8 bis. No plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa incluíranse aquelas actuacións necesarias para garantir unha prestación máis adecuada dos servizos de abastecemento de auga tal que minore a problemática nos episodios de seca, coa inclusión das obras de captación ou conducción que fosen precisas, indicando o financiamento e temporalización dos investimentos necesarios con tal finalidade."

Emenda nº6, ao apartado 1, de Adición. Artigo 7



No punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"..., que será publicado na páxina web de tal entidade pública."

Emenda nº7, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 8

No punto 2 deste artigo débese suprimir *in fine* o seguinte texto: "... así como, no que non se opoña a eles, ao disposto nesta lei."

Emenda nº8, ao apartado 4, de Adición. Artigo 9

No punto 4 deste artigo, despois de: "... deputacións provinciais correspondentes ...", débese engadir a seguinte expresión: "... ou mediante o acordo de varios concellos ..."

Emenda nº9, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 9

No punto 5 deste artigo onde di: "... para garantir a debida coordinación o plan será aprobado ...", debe dicir: "... para garantir a debida coordinación o plan será elaborado pola administración responsable do servizo de abastecemento en alta, de xeito coordinado co responsable do servizo de abastecemento en baixa e será aprobado ..."

Emenda nº10, ao apartado 2.b), de Adición. Artigo 10

No punto 2, letra b) deste artigo, débese engadir despois de: "...coa identificación da poboación, ...", a seguinte frase: "... cunha previsión específica para colectivos especialmente vulnerables, ..."

Emenda nº11, ao apartado 2.b), de Adición. Artigo 10

No punto 2, letra b) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:



"... Prestarase especial atención ás posibles repercusións negativas sobre as especies incluídas nos catálogos de especies ameazadas, aos hábitats de conservación prioritario e aos espazos naturais protexidos."

Emenda nº12, ao apartado 2.f), de Adición. Artigo 10

No punto 2, letra f) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... co seu financiamento e temporalización. As obras deberanse realizar na medida do posible, coa previsión de que chegada a seca poidan ser utilizadas."

Emenda nº13, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 11

Débese suprimir o punto 4 deste artigo.

Emenda nº14, ao apartado 4, de Adición. Artigo 11

Débese engadir un novo punto 4 bis, que terá o seguinte contido:

"4 bis. Os protocolos e plans sanitarios recollidos neste artigo, deberanse adecuar ao Programa Autonómico de Vixilancia Sanitaria da Auga, dada a competencia da autoridade sanitaria na vixilancia da auga de consumo humano."

Emenda nº15, ao apartado 2, de Adición. Artigo 12

No punto 2 deste artigo, despois de: "... non se producen consumos excesivos. ...", débese engadir: "... valorando igualmente a garantía de subministro para colectivos especialmente vulnerables."

Emenda nº16, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 12



Proponse unha nova redacción para o punto 5 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"5. As distintas administracións públicas con competencias por razón da materia, teñen a obriga de colaborar e de facilitar a información requirida entre elas."

Emenda nº17, ao apartado 4, de Adición. Artigo 16

No punto 4 deste artigo, logo de: "... de conformidade co disposto na normativa de aplicación, ...", débese engadir: "... conforme ao establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ..."

Emenda nº18, de Modificación. Artigo 20

Neste artigo, o texto: "... polas entidades locais ou pola entidade pública empresarial Augas de Galicia, nos termos previstos neste capítulo e na restante normativa de aplicación.", débese substituír polo seguinte contido: "... por Augas de Galicia, así como polas administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento de acordo co regulado no artigo 2 desta lei, podendo contar coas axudas ou achegas financeiras doutras entidades públicas ou privadas."

Emenda nº19, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 21

No parágrafo do punto 2, logo da letra b), deste artigo, onde di: "Nos dous supostos anteriores, a execución das obras realizarase coa máxima colaboración das entidades locais afectadas ..." debe dicir: "Nos dous supostos anteriores, a execución das obras realizarase coa máxima colaboración e acordo coas entidades locais afectadas ..."

Emenda nº20, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 21

No punto 3, deste artigo, débese suprimir *in fine* o seguinte texto: "... ou, na súa falta, mediante a notificación á entidade



local do acordo en que se dispoña a posta á disposición efectiva das obras ao seu favor."

Emenda nº21, ao apartado 1, de Adición. Artigo 22

No punto 1 deste artigo, logo de: "... Administración hidráulica de Galicia para a regulación e a xestión de estados de urxencia ou necesidade, ...", débese engadir o seguinte: "... en función da política en relación co ciclo integral de uso urbano da auga, así como a declaración de interese das obras e as actuacións cuxa transcendencia ou efectos exceda do marco municipal, ..."

Emenda nº22, ao apartado 2, de Adición. Artigo 22

No punto 2 deste artigo, logo de: "... poderá acordar cos órganos xestores desas situacións a execución, ...", débese engadir o seguinte texto: "... e en coordinación co resto de administracións vinculadas, ..."

Emenda nº23, de Modificación. Artigo 24

Propónse un novo texto para o título deste artigo, que terá o seguinte contido:

"Artigo 24. Réxime xurídico das obras e das infraestruturas hidráulicas no marco dun episodio de seca e/ou dunha situación de risco sanitario."

Emenda nº24, ao apartado 4, de Adición. Artigo 25

No punto 4 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... En todo caso procurarase que exista unha representación e interlocución axeitada co concello ou concellos afectados."

Emenda nº25, de Supresión. Artigo 27



Débese suprimir este artigo.

Emenda nº26, ao apartado 1, de Adición. Artigo 29

No punto 1 deste artigo, despois de: "... que se emitirá con carácter de urxencia, ...", débese engadir: "... no prazo máximo de dous días por medios telemáticos ..."

Emenda nº27, ao apartado 2, de Adición. Artigo 29

No punto 2 deste artigo despois de: "...que se emitirá con carácter de urxencia, ...", débese engadir: "... no prazo máximo de dous días por medios telemáticos ..."

Emenda nº28, ao apartado 1 , de Adición. Disposición adicional segunda

No punto 1 desta disposición adicional, despois de: "... dos sistemas de abastecemento á poboación ...", débese engadir o seguinte texto: "... e en consonancia co establecido nos seus plans de emerxencia ante situacións de seca de acordo co establecido no artigo 9 desta lei, ..."

Emenda nº29, ao apartado 1, de Modificación. Disposición adicional segunda

No punto 1 desta disposición, *in fine*, onde di: "... periodicidade bienal.", debe dicir: "... periodicidade máxima cuadrienal."

Emenda nº30, ao apartado 1, de Adición. Disposición adicional segunda

No punto 1 desta disposición, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . Con tal fin a Xunta de Galicia habilitará as axudas necesarias para o financiamento efectivo de tales auditorías."



Emenda nº31, ao apartado 2, de Modificación. Disposición adicional segunda

No punto 2 desta disposición adicional, *in fine*, onde di: "... periodicidade bienal.", debe dicir: "... periodicidade máxima cuadrienal."

Emenda nº32, ao apartado 4, de Supresión. Disposición adicional segunda

O punto 4 desta disposición débese suprimir.

Emenda nº33, ao apartado 1, de Modificación. Disposición adicional terceira

No punto 1 desta disposición adicional, onde di: "1. No prazo máximo dun ano, contado desde a entrada en vigor desta lei, ...", debe dicir: "1. Con anterioridade á finalización das auditorías e plans de actuacións sobre perdas nas redes de abastecemento, ..."

Emenda nº34, ao apartado 1, de Modificación. Disposición adicional cuarta

No punto 1 desta disposición, onde di: "1. No prazo máximo de tres anos, contado ...", debe dicir: "No prazo máximo de catro anos, contado..."

Emenda nº35, ao apartado 1 bis), de Adición. Disposición adicional cuarta

Débese engadir un novo punto 1 bis, que terá o seguinte contido:

"1 bis. A Administración hidráulica de Galicia habilitará un programa de axudas para acadar o obxectivo establecido no punto anterior."



Emenda nº36, de Adición. Disposición derradeira primeira

No parágrafo que empeza por: " Actuacións de comprobación e control ...", despois de: "... responsables para a realización de actuacións menores ..., débese engadir: "... por empresas ou particulares ..."

Emenda nº37, de Supresión. Disposición derradeira segunda

No parágrafo Cinco alínea 6, débese suprimir *ab initio* o seguinte: "Na falta de ordenanza local en materia de verteduras á rede de saneamento e depuración de augas residuais, ..."

Emenda nº38, de Modificación. Disposición derradeira terceira

Onde di: "No prazo máximo de dous anos ...", debe dicir: "No prazo máximo de un ano ..."

Emenda nº39, de Adición. Disposición derradeira terceira

Débese engadir *in fine* a seguinte frase: "... respectando en calquera caso o establecido no artigo 5 bis desta lei."

Emenda nº40, de Modificación. Disposición derradeira cuarta

Onde di: "... desde a entrada en vigor desta lei ...", debe dicir: "... desde a aprobación do novo plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, que se establece na disposición derradeira terceira desta lei, ..."

Emenda nº41, de Supresión. Disposición derradeira quinta

Débese suprimir



Emenda nº42, de Modificación. Disposición derradeira quinta

No caso de non ser aprobada a emenda anterior, propónse a seguinte modificación:

Onde di: "... o Consello da Xunta aprobará e presentará ...", debe dicir: "... a Xunta de Galicia elaborará un plan co fin de promover as actuacións necesarias para paliar as perdas de auga que se produzan nas redes de abastecemento podendo o Consello da Xunta de Galicia aprobar para a súa presentación ..."

Emenda nº43, de Adición. Disposición derradeira quinta

Débese engadir unha nova disposición derradeira quinta bis, que terá o seguinte contido.

"Disposición derradeira quinta bis. Informe anual de Augas de Galicia

Augas de Galicia realizará, de xeito anual, un informe concreto ao respecto das obras ou actuacións realizadas cara a garantir o abastecemento e a calidade da auga nos episodios de seca, coa concreción dos gastos realizados e as súas fontes de financiamento, dando conta das medidas adoptadas e valorando as súas consecuencias cara á solución futura da problemática suscitada. O dito informe farase público no primeiro trimestre do ano."

Emenda nº44, de Modificación. Disposición derradeira sexta

No primeiro parágrafo desta disposición, onde di: "O Consello da Xunta de Galicia aprobará, por iniciativa, ...", debe dicir: "O Consello da Xunta de Galicia aprobará, no prazo máximo de oito meses desde a entrada en vigor desta lei, por iniciativa ..."

Emenda nº45, de Supresión. Exposición de motivos



No penúltimo parágrafo da epígrafe II, débese suprimir o seguinte texto: "En prol de incrementar a eficiencia na xestión das redes de abastecemento, prevese a futura regulación dun gravame sobre as perdas de auga nas redes de abastecemento."

Emenda nº46, de Modificación. Exposición de motivos

No caso de non aceptaren a emenda anterior, na epígrafe II, penúltimo parágrafo, onde di: "... prevese a futura regulación ...", debe dicir: "... prevese a execución dun plan para acometer as perdas nas redes de abastecemento e consecuentemente a posibilidade de establecer unha futura regulación ..."

Asinado dixitalmente por:

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/10/2019
16:12:43**



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO GRUPO
MIXTO AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS DE GARANTÍA DO
ABASTECIMENTO NOS EPISODIOS DE SECA E NAS SITUACIÓNS DE
RISCO SANITARIO (NUM. EXPE. 10/PL-000017).**

Emenda nº1, ao apartado 1.a), de Adición. Artigo 1

Débese engadir ao remate do apartado 1.a) o seguinte texto:
"e garantindo sempre o subministro a hospitais, escolas e
persoas de xeito individual da auga."

Emenda nº2, ao apartado 1.c), de Adición. Artigo 1

Débese engadir ao remate do apartado 1.c) o seguinte texto:
"En todo caso a situación de risco sanitario será decretada pola
Xunta cando existan razóns obxectivas para elo, e poderá
facerse de xeito total para todo o territorio ou só para aquel no
que se produzan os efectos máis prexudiciais e onde non poida
garantirse as condicións sanitarias de acceso a auga en
condicións de salubridade."

Emenda nº3, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 1

Débese suprimir o apartado 2.

Emenda nº4, ao apartado b), de Adición. Artigo 2

Débese engadir ao remate do apartado b) o seguinte texto:
"En todo caso teranse en conta as comunidades veciñais de
augas dos pobos, que realizan o seu propio subministro,
captación e distribución de augas entre a veciñanza, sen poder
expropiar a auga sen contar coa súa opinión."



Emenda nº5, ao apartado c), de Adición. Artigo 2

Débese engadir ao remate do apartado c) o seguinte texto:
"Teranse en conta aquelas distribucións, captacións e subministramentos realizados polas comunidades de augas nos pobos, comarcas e veciñais a estes efectos."

Emenda nº6, ao apartado d), de Supresión. Artigo 2

Débese suprimir no apartado d) a seguinte expresión:
"a un risco de diminución ou"

Emenda nº7, ao apartado e), de Modificación. Artigo 2

Débese engadir no apartado e) despois de "demandas de auga" a seguinte expresión:
"da poboación"

Emenda nº8, ao apartado f), de Modificación. Artigo 2

Débese substituír no apartado f) a seguinte expresión:
Onde di: "...a situación de escaseza non continuada que,..."
Debe dicir: "a situación de escaseza continuada que,"

Emenda nº9, ao apartado g), de Modificación. Artigo 2

Débese substituír no apartado g) a seguinte expresión:
Onde di: "...a situación de escaseza continuada que imposibilita..."
Debe dicir: "a situación de escaseza continuada ou non que imposibilita"

Emenda nº10, ao apartado j), de Substitución. Artigo 2

Débese substituír o texto do apartado j) polo seguinte:
" Situación de risco sanitario: a situación de alerta declarada pola autoridade sanitaria competente caracterizada pola



existencia dunha elevada probabilidade dun incumprimento efectivo dos valores paramétricos de calidade da auga para o consumo humano establecidos na normativa vixente susceptible de entrañar un risco ou de afectar a saúde da poboación, orixinada por episodios de seca."

Emenda nº11, de Substitución. Artigo 3

Débase substituír o texto do artigo polo seguinte:

"O réxime sancionador aplicable aos incumprimentos do disposto nesta lei será o previsto na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Supletoriamente aplicárase en todo o non previsto nesta lei o disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, sen prexuízo das especialidades establecidas no artigo 31 desta lei e do disposto na normativa básica estatal aplicable."

Emenda nº12, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 4

Débase suprimir no apartado 1 o seguinte texto:

"Para ese efecto, as persoas titulares dos aproveitamentos hidráulicos e das autorizacións de verteduras facilitarán en todo momento o acceso do persoal competente de Augas de Galicia a todas as súas instalacións."

Emenda nº13, ao apartado 2, de Adición. Artigo 4

Débase engadir ao remate do apartado 2 a seguinte expresión:
"cando se active a mesma."

Emenda nº14, ao apartado 2, de Adición. Artigo 5

Débase engadir ao remate do apartado 2 a seguinte expresión:
", que terán vixencia temporal."



Emenda nº15, ao apartado 5.b), de Adición. Artigo 6

Débase engadir ao remate do apartado 5.b) o seguinte texto:
"Nos escenarios a e b non se producirá ningunha activación do escenario nin se darán situación que poidan dar lugar a sancións, salvo a empresas que contaminasen a sabendas os recursos hídricos."

Emenda nº16, ao apartado 5.d), de Adición. Artigo 6

Débase engadir ao remate do apartado 5.d) a seguinte expresión:
"A activación é inmediata mediante comunicación nos medios de comunicación e boletíns oficiais."

Emenda nº17, ao apartado 8, de Adición. Artigo 6

Débase engadir ao remate do apartado 8. o seguinte texto:
"Tamén se indicará a duración aproximada das medidas así como a desactivación das mesmas cando se desen as circunstancias para elo, que se comunicará tamén a través dos medios de comunicación así como nos Boletíns oficiais."

Emenda nº18, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 8

Débase substituír no apartado 2 a seguinte expresión:
Onde di: ", así como, no que non se opoña a eles, ao disposto nesta lei."
Debe dicir: " e en todo aquilo que resulte máis beneficioso o previsto na seguinte lei."

Emenda nº19, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 9

Débase engadir no apartado 3 despois de: "...da deputación provincial correspondente" o seguinte texto:

"e tamén se terán en conta o que sinalen as comunidades veciñais en canto aos seus métodos de captaciónn, subministro e distribución de auga para as veciñanza daqueles



pobos nos que as traísdas de auga sexan veciñais e que non se minguarán en ningún caso."

Emenda nº20, ao apartado 5, de Adición. Artigo 9

Débese engadir ao remate do apartado 5 o seguinte texto:
"e con atención sempre a unha mellor eficiencia no reparto entre a veciñanza dos recursos hídricos."

Emenda nº21, ao apartado 6, de Adición. Artigo 9

Débese engadir ao remate do apartado 6 o seguinte texto:
"O parecer das comunidades de augas e traídas veciñais será de obrigado cumprimento e respecto, por canto son traídas que se fixeron sen cargo ao erario público."

Emenda nº22, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 12

Débese engadir no apartado 1 despois de: "...sistemas de abastecemento á poboación" a seguinte expresión:
"ou sen ser os responsables dos mesmos"

Emenda nº23, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 12

Débese suprimir no apartado 2 a seguinte expresión:
"e que non se producen consumos excesivos"

Emenda nº24, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 12

Débese suprimir o segundo parágrafo do apartado 3.

Emenda nº25, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 12

Débese suprimir o terceiro parágrafo do apartado 3.



Emenda nº26, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 12

Débase suprimir o cuarto parágrafo do apartado 3.

Emenda nº27, ao apartado 3, de Adición. Artigo 12

Débase engadir ao remate do primeiro parágrafo do apartado 3 o seguinte texto:

"Non se procederá ao cobro da mesmas a aquelas comunidades de veciños que realizaron as súas propias instalacións, recollidas, captacións e distribucións de modo veciñal a salvo das reparacións que se poidan facer con posterioridade."

Emenda nº28, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 12

Débase suprimir o segundo parágrafo do apartado 5.

Emenda nº29, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 12

Débase suprimir o terceiro parágrafo do apartado 5.

Emenda nº30, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 13

Débase suprimir o apartado 1.c)

Emenda nº31, ao apartado 1.d), de Supresión. Artigo 13

Débase suprimir o apartado 1.d)

Emenda nº32, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 13



Débese suprimir no apartado 3 a seguinte expresión:
"e calquera outra medida que se considere necesaria"

Emenda nº33, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 13

Débese suprimir no apartado 4 a seguinte expresión:
"e na restante normativa que resulte aplicable"

Emenda nº34, ao apartado 1.a), de Supresión. Artigo 14

Débese suprimir no apartado 1.a) a seguinte expresión:
"coa periodicidade que se considere, "

Emenda nº35, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 14

Débese engadir ao remate do apartado 1.b) a seguinte
expresión:
", alí onde sexa posible."

Emenda nº36, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 15

Débese suprimir o apartado 2.

Emenda nº37, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 15

Débese suprimir o apartado 3.

Emenda nº38, ao apartado 2.b), de Adición. Artigo 16

Débese engadir ao remate do apartado 2.b) a seguinte
expresión:
", que se publicarán nos medios de comunicación e Boletíns
oficiais."



Emenda nº39, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 16

Débase suprimir o apartado 4.

Emenda nº40, ao apartado 3.c), de Supresión. Artigo 17

Débase suprimir o apartado 3.c)

Emenda nº41, ao apartado 3.d), de Supresión. Artigo 17

Débase suprimir o apartado 3.d)

Emenda nº42, ao apartado 3.f), de Supresión. Artigo 18

Débase suprimir o apartado 3.f)

Emenda nº43, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 19

Débase suprimir no apartado 2 o seguinte texto:
"agás que a autoridade sanitaria determine de forma motivada
a necesidade de establecer unha nova frecuencia analítica
durante un período de tempo determinado."

Emenda nº44, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 19

Débase suprimir no apartado 3 a seguinte expresión:
"sen prexuízo das obrigas de información establecidas pola
normativa básica estatal a outros suxeitos."

Emenda nº45, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 21

Débes substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:



"1. As entidades locais, cando carezan por si mesmas e/ou coa asistencia das deputacións provinciais correspondentes da capacidade técnica e/ou financeira para a execución das obras ou infraestruturas hidráulicas necesarias para garantir o abastecemento no marco dun episodio de seca e/ou dunha situación de risco sanitario, poderán solicitar a colaboración técnica e /ou financeira da entidade pública empresarial Augas de Galicia para a súa execución, sen prexuízo da colaboración que poidan prestar outras administracións públicas."

Emenda nº46, ao apartado 2.a), de Substitución. Artigo 21

Débese substituír o texto do apartado 2.a) polo seguinte:

"a) Convir coas administracións locais afectadas ou con outras administracións públicas o financiamento conxunto da actuación."

Emenda nº47, ao apartado 2.b), de Supresión. Artigo 21

Débese suprimir o apartado 2.b)

Emenda nº48, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 21

Débese suprimir o apartado 3.

Emenda nº49, de Substitución. Artigo 24

Débese substituír a totalidade do artigo 24 polo seguinte texto:

"A aprobación das medidas que se adopten ao amparo desta lei no marco dun episodio de seca ou dunha situación de risco sanitario levará implícita a declaración de utilidade pública das obras, das sondaxes e dos estudos que sexan necesarios para as desenvolver, así como a necesidade de urxente ocupación dos bens e de adquisición de dereitos."

Emenda nº50, de Supresión. Artigo 31



Débese suprimir o artigo 31.

Emenda nº51, ao apartado 4, de Supresión. Disposición adicional segunda

Débese suprimir o apartado 4.

Emenda nº52, de Supresión. Disposición adicional terceira

Débese suprimir esta Disposición adicional terceira.

Emenda nº53, de Supresión. Disposición adicional cuarta

Débese suprimir esta Disposición adicional cuarta.

Emenda nº54, de Supresión. Disposición adicional sexta

Débese suprimir esta Disposición adicional sexta.

Emenda nº55, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Débese suprimir esta Disposición derradeira primeira.

Emenda nº56, de Supresión. Disposición derradeira segunda

Débese suprimir esta Disposición derradeira segunda.

Emenda nº57, de Supresión. Disposición derradeira terceira

Débese suprimir esta Disposición derradeira terceira.



Emenda nº58, de Supresión. Disposición derradeira cuarta

Débese suprimir esta Disposición derradeira cuarta.

Emenda nº59, de Supresión. Disposición derradeira quinta

Débese suprimir esta Disposición derradeira quinta.

Emenda nº60, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débese suprimir esta Disposición derradeira sexta

Emenda nº61, de Supresión. Disposición derradeira sétima

Débese suprimir esta Disposición derradeira sétima.

Emenda nº62, de Supresión. Disposición derradeira oitava

Débese suprimir esta Disposición derradeira oitava.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 04/10/2019 17:41:53

Luis Villares Naveira na data 04/10/2019 17:42:04





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18449**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Tellado Filgueira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que se están a desenvolver para a mellora do Servizo Público de Emprego de Galicia”**, (publicada no BOPG número 194 do 17 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 53031 que tivo lugar na sesión do 12 de setembro de 2019 da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-09-12?part=2f5367e7-a9d7-4198-9c22-a3154f8c8559&start=7270.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56594
Data envío: 27/09/2019 14:45:14.789

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:45:11

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22985**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Tellado Filgueira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que se están a desenvolver para a mellora do Servizo Público de Emprego de Galicia”**, (publicada no BOPG número 246 do 24 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 53031 que tivo lugar na sesión do 12 de setembro de 2019 da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-09-12?part=2f5367e7-a9d7-4198-9c22-a3154f8c8559&start=7270.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56593
Data envío: 27/09/2019 14:45:07.320

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:45:03

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:20:33
Nº Rexistro: 57012

Data envío: 04/10/2019 11:20:33.616

Data 04/10/2019 11:20

RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41864**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a creación da Autoridade Audiovisual e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 405 do 3 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“A crise económica na que estivemos inmersos, unida á complexidade dunha entidade destas características así como ao seu custe, foron as circunstancias que dificultaron a materialización da futura Lei da Autoridade Audiovisual de Galicia.

O Goberno galego mantén a súa intención de impulsar a figura da Autoridade Audiovisual. Non obstante, está á espera de coñecer as modificacións que se incorporan na ‘Lei 7/2010, do 31 de marzo, General de Comunicación Audiovisual’, una vez se transpoña a Directiva Europea de Servizos de Comunicación Audiovisual.

En canto entren en vigor os cambios aos que obriga a nova Directiva europea na Lei estatal, a Xunta de Galicia estará en condicións de traballar no proxecto de lei da Autoridade Audiovisual de Galicia.

As funcións de Autoridade Audiovisual establecidas pola ‘Ley General de Comunicación Audiovisual son exercidas pola Secretaría Xeral de Medios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:20:33
Nº Rexistro: 57012
Data envío: 04/10/2019 11:20:33.616

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2019 11:20:30

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 38726**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Tellado Filgueira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que está a desenvolver o Goberno galego para mellorar o Servizo Público de Emprego de Galicia”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 53031 que tivo lugar na sesión do 12 de setembro de 2019 da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-09-12?part=2f5367e7-a9d7-4198-9c22-a3154f8c8559&start=7270.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-09-12?part=2f5367e7-a9d7-4198-9c22-a3154f8c8559&start=7270)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56592
Data envío: 27/09/2019 14:44:59.164

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:44:55

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56576
Data envío: 27/09/2019 14:42:35.492
Data 27/09/2019 14:42

RS/ml

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 46552** , formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da cobertura da praza de xinecoloxía que vai quedar vacante por xubilación no Centro de Orientación Familiar de Orillamar, na cidade da Coruña, as medidas específicas de apoio a este tipo de centros que está a levar a cabo e a apertura doutros novos”**, (publicada no BOPG número 438 , do 28 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade** , que ten o seguinte contido:

“Os Centros de Orientación Familiar (COF) foron creados en 1978, polo RD do Ministerio de Sanidade, Seguridade Social e Ministerio de Cultura, co fin de facilitar a información e asesoramento en materia de educación sexual e procreación nun contexto asistencial no que a atención primaria nno se desenvolvera como nivel básico de atención á poboación.

En 1983, definíronse outras prestacións dos COF, ademais da de contracepción, que incluiron a detección precoz do cancro xenital e o consello prenatal entre outros.

En 1986 acordouse con concello de A Coruña a dotación con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde ao COF municipal para levar a cabo as funcións definidas para todos os centros de orientación familiar. Nese momento había 1 ambulatorio, 4 consultorios e 1 centro de saúde.



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 3

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
27/09/2019 14:42:32

180281





En 2018, e existindo unha estrutura de Área Sanitaria dotada de 72 centros asistenciais de atención primaria e cinco hospitais (4 integrados no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, e 1 centro el Cee, o Hospital Virxe da Xunqueira), aprobouse na Área un protocolo de atención ás mulleres sas e asintomáticas, orientado á prevención e promoción da saúde da muller e á detección precoz de procesos patolóxicos mediante a realización de estudos de cribado e prevención. Esta atención, na área xinecolóxica e obstétrica a disposición de todas as mulleres da Área Sanitaria da Coruña, se presta por distintos/as profesionais asistenciais, que dentro da súa capacitación específica teñen formación na área da saúde sexual e reprodutiva e en programas de seguimento da muller sa nos centros asistenciais de atención primaria existentes, e co apoio de profesionais en dispositivos de atención hospitalaria.

Son matronas, enfermeiras, médicos de familia, xinecólogos/as, traballadores/as sociais, psicólogos/as. etc.

En concreto a área sanitaria conta con:

- Unha rede asistencial de médicos/as de familia, que no programa formativo da súa especialidade adquiren capacitación no programa da muller e na atención á saúde sexual e anticoncepción.
- Unha rede de enfermeiras especialistas obstétrico-xinecolóxicas de atención primaria, cunha formación dun grao universitario de catro anos que se amplía con dous anos de formación especializada na área xinecolóxica.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56576
Data envío: 27/09/2019 14:42:35.492

- Un servizo de xinecoloxía e obstetricia, no que se inclúen os profesionais dos Centros/Unidades de orientación e planificación familiar (COF) como unha unidade especializada dentro deste servizo, e que ten un papel importante na atención á muller e na educación sanitaria no ámbito da saúde sexual desde unha abordaxe multidisciplinar e en especial para o casos de maior complexidade ou que requiren dunha intervención multiprofesional simultánea.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56576
Data envío: 27/09/2019 14:42:35.492

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:42:32

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:20:04
Nº Rexistro: 57008

Data envío: 04/10/2019 11:20:04.194

Data 04/10/2019 11:20

RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 46736**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a evolución que presenta a situación demográfica das comarcas da provincia de Ourense e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é plenamente consciente da situación de devalo demográfico na que se atopa Galicia (non só Lugo e Ourense) e precisamente por iso a vén asumindo como unha das súas tarefas fundamentais de goberno.

A xestión do reto demográfico cunha visión sistémica e integral é a filosofía que impregna o Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020, principal documento de planificación do Goberno autonómico, onde se institúe a recuperación demográfica como un principio transversal a todos os seus eixes de actuación.

Así, no ano 2015 púxose en marcha o Programa de Apoio á Natalidade (PAN), un programa global que se estrutura en tres áreas (axudas, conciliación e servizos) e que está pensado para avanzar no obxectivo de crear en Galicia un ambiente social favorable para vivir, para formar unha familia e para que cada quen poida ter os fillos e fillas que desexe.

Forma parte deste programa a Tarxeta Benvida, unha axuda económica ás familias destinada a contribuír nos maiores gastos que supón a chegada dun fillo ou filla

Tamén avanzamos na consolidación da rede de recursos de conciliación, creando máis prazas en escolas infantís 0-3 anos.

Dotamos aos concellos de menos de 5.000 habitantes de recursos de conciliación a través do programa de Casas Niño, unha estratexia que permite frear o declive demográfico no rural de Galicia e fixar poboación ao territorio. Hoxe Galicia conta con 61 casas niño e nestes momentos está publicada unha orde de axudas –a cuarta- para outorgar outras 15 subvencións para o desenvolvemento doutros tantos proxectos.



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 3

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Por outra banda, aprobamos a Estratexia Galega de Envellecemento Activo dende a innovación 2016-2020, orientada a garantir o benestar e a calidade de vida das persoas a medida que envellecen favorecendo un envellecemento activo e saudable e a vida autónoma.

Tamén recentemente, o Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021, un firme compromiso coa sociedade galega en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes a través do reparto equitativo dos traballos e as responsabilidades no ámbito privado e da promoción de máis e mellores medidas e servizos que apoien as familias na atención a menores, a persoas en situación de dependencia e do fomento de novas formas de organización do traballo, de novas modalidades de xestión dos recursos humanos e de novas condicións laborais nas administracións e nas empresas.

Tentamos favorecer a volta a Galicia dos galegos e galegas que emigraron e a dos seus descendentes a través da Estratexia Retorna 2020, onde se recolle unha batería de medidas dirixidas a que sintan a súa terra como o lugar onde desenvolver a súa traxectoria persoal e profesional e deseñamos un Plan de fixación de poboación no medio rural, dirixido a impulsar o desenvolvemento equilibrado das economías e comunidades rurais mediante un apoio ás actividades socioeconómicas que permita a creación e conservación do emprego.

Puxemos en marcha o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, un órgano no que participan as diferentes administracións, axentes sociais e económicos, as tres universidades de Galicia e todos os grupos con representación no Parlamento autonómico. Neste momento o Observatorio está a realizar un diagnóstico da situación demográfica e para poñer enriba da mesa propostas de futuro consensuadas. É dicir, con vocación de perdurar no tempo para que sexan realmente efectivas. Aspectos como a conciliación da vida laboral e familiar, a corresponsabilidade, a necesidade de racionalizar os horarios de traballo ou medidas para a revitalización dos núcleos rurais son algúns aspectos que se abordan neste órgano de participación, consultivo e colexiado.

Por outra parte, cómpre apuntar que as medidas levadas a cabo directamente pola Xunta de Galicia van acompañadas tamén por accións tanto a nivel nacional como supranacional, dado que a abordaxe dos desafíos demográficos precisa de novas ferramentas que residen no plano operativo en mans do Estado e mesmo da Unión Europea en tanto que desenvolven as súas competencias en Galicia. Por iso, na actualidade a Xunta de Galicia participa en diversos foros






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:20:04
Nº Rexistro: 57008
Data envío: 04/10/2019 11:20:04.194



a nivel nacional e europeo que teñen como finalidade dar a coñecer as súas peculiaridades demográficas e situar esta cuestión na axenda política nacional e europea

En definitiva, este Goberno é ben consciente da importancia da cuestión demográfica en toda Galicia e traballa para converter este reto nunha oportunidade de futuro.

Por iso está a tramitar a Lei de impulso demográfico de Galicia, unha norma pioneira no contexto español e europeo, é a primeira vez que un Goberno eleva a rango de lei a abordaxe e xestión do cambio demográfico.

O contido da norma baséase na diagnose e na análise DAFO-CAME recollidas no Informe Galicia: perspectivas demográficas, elaboradas no seo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e aprobadas por unanimidade do seu pleno.

Responde a unha proposta integral e transversal que ten como finalidade a creación de contornos favorables para que as galegas e galegos poidan levar a cabo o seu proxecto vital e familiar en Galicia e para que outras persoas consideren Galicia un lugar atractivo para establecerse”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:20:04
Nº Rexistro: 57008
Data envío: 04/10/2019 11:20:04.194

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2019 11:20:00

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 46799** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao don Luis Naveira Villares, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto dos resultados do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, as razóns da demora e o prazo previsto para a presentación do proxecto de lei anunciado para o seu impulso, así como as actuacións que vai levar a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada pola directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica á pregunta oral en comisión nº 46792 que tivo lugar na sesión da Comisión 5ª do 28 de marzo de 2019, sobre o mesmo tema e formulada polas/os mesmas/os deputadas/as na que indicou que para a Xunta de Galicia a valoración do Plan para a Dinamización Demográfica de Galicia 2013-2016 é positiva. Tamén indicou que o anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico vai estar a exposición pública para a presentación de alegacións.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-03-28?part=1503c6a7-60fd-4bd0-9c9f-4314568655a7&start=7621>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:19:56
Nº Rexistro: 57007
Data envío: 04/10/2019 11:19:56.694

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2019 11:19:53

CSV: BOPGDSPG2gK18mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 48066**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego do resultado dos ‘Trashtag challenges’, desenvolvidos na Costa da Morte, no referido á cantidade de residuos localizados, así como as actuacións e as medidas previstas para a súa diminución”**, (publicada no BOPG número 456 do 4 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Como non podería ser doutro xeito, a Xunta valora moi positivamente calquera iniciativa da sociedade civil a prol da retirada de residuos de espazos naturais. Á marxe dos resultados cuantitativos acadados con este tipo de iniciativas a súa realización dá conta de que a sociedade galega está a avanzar na súa conciencia ambiental e, non cabe dúbida de que, a Xunta está a contribuír con denodo a fomentar esta tendencia a través de múltiples iniciativas de sensibilización desenvoltas dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Cómpre lembrar que a limpeza ordinaria das praias corresponde aos concellos. A pesar diso, a Xunta convocou este ano 18 batidas de limpeza ‘1m2 pola natureza’ para concienciar á cidadanía do impacto que provoca o lixo nos areais e espazos naturais, constituíndo a terceira edición desta iniciativa enmarcada no proxecto ‘Libera: Natureza sen basura’.

Na edición do 2018, participaron 500 voluntarios en 24 puntos da xeografía galega, co obxectivo de concienciar ao conxunto da sociedade na necesidade de avanzar cara a mitigación do impacto do lixo nos espazos naturais, así como contribuír a paliar este problema xeneralizado que ten un impacto moi negativo para a conservación do medio ambiente.

Entre os espazos obxecto de intervención nas edicións anteriores cabe destacar a praia de Covas (Lugo), a Capela do San Antón (Ourense), a praia de Barrañán (A Coruña) ou os Xardíns



Valle-Inclán (A Coruña). Debe destacarse tamén a implicación de empresas e entidades que achegaron os seus esforzos para converterse en 'Héroes Libera', organizando puntos de recollida, como fixo Indra na praia de Sabón, en Arteixo; Telefónica fixo o propio no Grove, a compañía AXA tamén realizou limpeza no Grove e Pescanova na Enseada de San Simón.

A contaminación mariña é un dos maiores retos ambientais para Galicia. Unha situación á que hai que poñer freo porque pon en risco o noso patrimonio natural.

O plástico é o residuo máis abundante e máis prexudicial para o medio mariño pola súa persistencia. Chega ao mar e se expande facilmente, de aí que os máis prexudicados sexan os ecosistemas mariños, polo dano aos recursos naturais e polo custe engadido vinculado.

O 80% dos residuos plásticos proveñen da terra, mentres que o 20% restante teñen a súa orixe na actividade mariña. Tras unha análise dos seus efectos no mar, demostrouse que o 60% das especies mariñas presenta algún resto de material plástico no seu intestino.

Neste punto debemos salienta o traballo que se vén facendo desde hai máis de 20 anos en centros dependentes da Consellería do Mar como o Intecmar e o Cetmar por mor deste asunto.

As unidades de contaminación química do Intecmar teñen unha grande experiencia na determinación de contaminantes orgánicos persistentes en virtude da participación en diferentes proxectos de investigación, como son:

- Programas europeos de control sobre seguridade alimentaria.
- Proxecto Echemar.
- Proxecto Emerconfo.
- Proxecto Aquasome.
- Proxecto Nor-water.
- Proxecto CleanAtlantic.
- Proxecto Quasimeme.
- Proxecto Net4Sea.

Cabe destacar a participación na rede de excelencia científica de análise de risco e exposición a contaminantes no medio mariño NET4SEA, un grupo de traballo nacional e interdisciplinar





para abordar a crecente preocupación social e da Administración pública sobre os niveis crecentes de contaminantes emerxentes, incluíndo microplásticos, e o seu eventual impacto na saúde humana.

Por outra parte, o CETMAR, dentro da innovación ambiental, desenvolve proxectos encamiñados á loita contra a contaminación marítima ambiental de orixe antropoxénico, tales como os proxectos ARCOPOL; a xestión dos residuos procedentes do mar, mediante proxectos coma o 3R-FISH ou o NADA POLA BORDA e á valorización de subprodutos pesqueiros e xestión de descartes, coma se fai no proxectos Life iSeas, GESUPES ou MARMED.

Todo isto complétase cos numerosos foros nos que participou a Xunta sobre a loita contra a contaminación mariña nos últimos anos.

Por último, para maior información, o deputado pode consultar a resposta dada pola directora do Intecmar, na Comisión 8ª do pasado 11 de xullo de 2019, a través da iniciativa 49420, que se pode consultar no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2019-07-11?part=7496f7f5-8de3-43cd-b977-629ac7483cf4&start=2603>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56570
Data envío: 27/09/2019 14:41:43.757

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:41:40

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 49684**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pérez, sobre “**os recursos específicos do Sergas para o tratamento do alcoholismo, dado os datos epidemiolóxicos publicados recentemente respecto da súa incidencia en Galicia**”, (publicada no BOPG número 477 do 15 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No tocante a atención os trastornos por uso de alcol do eido da saúde mental os recursos con que conta o SERGAS son xestionados a través das Unidades de Tratamento de Alcoholismo e Unidades Asistenciais de Drogodependencias e a través das seguintes convocatorias de subvencións e axudas:

■ Orde do 2 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrència competitiva, ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter sociosanitario.

■ Orde do 6 de novembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito das drogodependencias e os trastornos aditivos, e atención as persoas con maior vulnerabilidade pola infección polo VIH, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas.

■ Orde do 16 de abril de 2018 (DOG nº 88, do 8 de maio de 2018) pola que se convocan axudas en réxime de concorrència competitiva ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais con especialización en drogodependencias da Comunidade Autónoma Galega.

Ademáis os servizos de psiquiatría contan con programas de enlace para o apoio psicolóxico as persoas internadas nos hospitais a causa dunha patoloxía relacionada co uso de alcol.

Por outra banda, os dispositivos de atención primaria e hospitalaria dan resposta as complicacións físicas relacionadas co consumo de alcol, a través dos servizos de atención primaria, medicina interna, neuroloxía, etc.



Os hospitais contan con prazas para o desenvolvemento dos programas de desintoxicación.

Dada a enorme complexidade de aspectos que poden incidir na mortalidade, non consideramos que se poida establecer unha relación directa entre número de recursos asistenciais e mortalidade. Desde a Consellería de Sanidade – Sergas estanse a utilizar os recursos necesarios para acadar una atención áxil e de calidade.

Tamén están en funcionamento diversos programas de prevención que inciden na redución do consumo de alcol.

O número de pacientes atendidos en Unidades de Tratamento de Alcoholismo é:

Entidade	2016	2017
A.Exalcohólicos de Ferrolterra (Ferrol)	333	326
A.Exalcohólicos Luís Miguel Morás (A Coruña)	906	874
A.As Burgas (Ourense)	1360	2068
Asociación Viguesa de Alcoholoxía (ASVIDAL-Vigo)	726	776
UTA Hospital Clínico Santiago	902	857
UTA HULA – Lugo	565	554

Para a mellora destes indicadores continuarase no traballo de concienciando á poboación de que reduza o consumo de alcol así como mellorando a normativa relacionada e aumentando a información sobre a carteira de servizos existente neste ámbito”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56568
Data envío: 27/09/2019 14:41:28.710

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:41:22

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:19:49
Nº Rexistro: 57006

Data envío: 04/10/2019 11:19:49.601

Data 04/10/2019 11:19

RS/ml

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 49948**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno galego respecto da ampliación da dotación de persoal e servizos prevista para o novo Centro de Saúde de Gondomar”**, (publicada no BOPG número 479, do 22 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os veciños de Gondomar xa están a recibir unha asistencia sanitaria de calidade, de feito os ratios de TIS por persoal están na media dos centros do Sergas.

Actualmente conta cunha ratio de medicina de familia de 1 por cada 1.356 TIS e unha ratio de DUE de 1 por cada 1.519 TIS.

A evolución dos nenos dos cupo de pediatría deste centro de saúde, ao igual que no resto de Galicia, é decrecente. Así no ano 2016 eran 1.251 nenas os asignados a este cupo; en 2017, 1.248, no ano 2018 eran 1.178 e na actualidade 1.147, dada esta evolución da poboación infantil, en principio non está previsto incrementar o número de pediatras. Por outro lado o déficit destes especialistas fai que os cupos de tarde tendan a non cubrirse, e mesmo os que teñen un turno deslizante, preferindo estes profesionais ocupar prazas en quenda de mañá.



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 2

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
04/10/2019 11:19:45

180298



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:19:49
Nº Rexistro: 57006
Data envío: 04/10/2019 11:19:49.601

Non está previsto incrementar a plantilla de médicos de familia posto que a ratio actual é de 1.356 TIS por facultativo.

Non está prevista a centralización da atención pediátrica agás que a ratio de nenos sexa insuficiente e se opte por centralizar a atención nun punto, isto só está a pasar en concellos con menos de 400 nenos.

O novo centro de saúde conta cunha consulta de matrona con aula de educación sanitaria para a preparación ao parto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:19:49
Nº Rexistro: 57006
Data envío: 04/10/2019 11:19:49.601

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2019 11:19:45

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:19:41
Nº Rexistro: 57005
Data envío: 04/10/2019 11:19:41.507
Data: 04/10/2019 11:19

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 50610** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre “**as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a universalización do ensino entre os 0 e 3 anos, a dispoñibilidade dalgún plan para o despregamento dunha rede pública de ensino infantil que teña en conta as necesidades reais da poboación e as súas previsións respecto do incremento para o ano 2020 das partidas orzamentarias destinadas á construción de novas escolas infantís públicas**”, (publicada no BOPG número 442 do 12 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Bono Concilia é unha axuda económica que permite a aquelas familias que, tendo solicitado unha praza pública e non a obtiveran, contén cunha subvención para acudir a calquera escola infantil privada da súa elección.

A contía que se percibirá por cada praza de xornada completa oscila entre os 45 euros mensuais para as rendas máis altas e os 250 euros (con comedor) para as rendas máis baixas (a media xornada oscila entre os 22,50 e os 125 euros).

Con esta medida, a cidadanía galega contará cunha rede de recursos de conciliación máis ampla e flexible.

O obxectivo da Administración autonómica é conseguir que todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de entre cero e tres anos a obteñan e que non exista lista de agarda.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 3



No curso 2018-2019 concedéronse 4.414 bonos en toda Galicia, polo que se investiron nesta medida preto de 4,8 M€.

No vindeiro curso, a previsión é que se beneficien do programa Bono Concilia un número similar de familias.

O compromiso da Xunta de Galicia é una aposta decidida para seguir incrementando as prazas públicas na rede de escolas infantís, neste momento acádase unha cobertura do 44% dos nenos/as galegas de 0 a 3 anos, 11 puntos por riba das recomendacións da Unión Europea.

En canto á construción de novas escolas infantís, neste momento estanse executando as obras de ampliación das escolas infantís dos Concellos de Arzúa, Cedeira e Pontedeume.

A obra de Arzúa permitirá aumentar a oferta do centro en 35 prazas, ao pasar de 41 prazas (3 unidades) a 76 prazas (5 unidades), elevando a taxa pública de cobertura para nenos de 0 a 3 anos.

A actuación recentemente posta en marcha na escola de Cedeira aumentará en 20 o número de prazas ofertadas para nenas e nenos de 0 a 3 anos, polo que pasará de 58 a 78.

No caso da escola de Pontedeume estanse levanto a cabo tamén actuacións para a súa reforma e a ampliación permitirá aumentar a oferta do centro en 33 prazas, de tal xeito que poderá pasar de 41 prazas (3 unidades) a 74 prazas (5 unidades).

Ademais estase levando a cabo unha obra que permitirá o traslado da escola das Neves a un novo edificio, mellorando substancialmente a prestación do servizo.

Así mesmo xa comezaron as obras para a construción dunha nova escola infantil en Paderne de Allariz e ofertará 3 unidades con 41 prazas.

Co comezo do novo curso porase en marcha a escola infantil de Vilagarcía-Vilaxóan que sumará 74 novas prazas a rede autonómica de escolas a Galiña Azul.

Para o ano 2020 estase valorando a viabilidade técnica e económica de varias actuacións en diversos concellos, que dependerá do compromiso de cofinanciación e dispoñibilidade de





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:19:41
Nº Rexistro: 57005
Data envío: 04/10/2019 11:19:41.507

terreos por parte dos municipios que deberán asumir o modelo de cofinanciación e xestión do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 3 de 3



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:19:41
Nº Rexistro: 57005
Data envío: 04/10/2019 11:19:41.507

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2019 11:19:38

CSV: BOPGDSPG2gK18mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 51645**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a dispoñibilidade da autorización e documentación necesaria pola empresa promotora das obras que ese están a levar a cabo na Serra do Oribio, no Courel, a verificación pola Xunta de Galicia dos posibles danos ocasionados pola maquinaria no patrimonio cultural, así como as medidas adoptadas ou previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 493 do 26 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 54493 que tivo lugar na sesión do 20 de setembro de 2019 da Comisión 4ª, Educación e Cultura.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2019-09-20?part=e2e49048-ec61-4f9b-993f-716b4ee9feb7&start=1373>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56558
Data envío: 27/09/2019 14:39:50.304

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:39:45

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:19:34
Nº Rexistro: 57004
Data envío: 04/10/2019 11:19:34.476
Data 04/10/2019 11:19

RS/ml

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 51745**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria, así como as medidas que vai adoptar para solucionar a situación na que se atopa”**, (publicada no BOPG número 493, do 26 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde ven traballando na estabilidade do persoal dende hai anos. No ano 2017 por Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 25 de abril de 2017 (DOG núm.85 do 4 de maio), publicouse o Plan de estabilidade do emprego e provisión de prazas do persoal estatutario realizándose un análise da situación e establecendo medidas de estabilización de persoal temporal, incluíndo ademais un plan de selección e provisión de prazas.

De conformidade con este Plan a Administración sanitaria asumiu e cumpriu os seguintes compromisos:

Primeiro. Promover na medida en que o permita a lexislación orzamentaria básica estatal, a inclusión en oferta de emprego público das interinidades resultantes do proceso de estabilización. Segundo. As prazas cubertas mediante nomeamento de interinidade en execución das medidas de estabilización que se recollen no plan serán ofertadas nos concursos de traslados que se convoquen.

Terceiro. Promover pola Consellería de Sanidade, como así se vén realizando desde o ano 2012, a aprobación, con carácter anual, dun novo decreto de oferta de emprego público que autorice a convocatoria de probas selectivas de persoal fixo para a cobertura de todas as prazas vacantes das distintas categorías, no número máximo que permita a lexislación orzamentaria estatal, de carácter básico, na respectiva anualidade.

Deste xeito, e conforme á lexislación orzamentaria básica do Estado, ofertáronse en cada un dos tres anos (2017/2019) as prazas ocupadas por persoal con vinculación temporal.

No presente ano 2019 convocáronse 1492 prazas:

Médico/a de familia: 254 prazas.

Pediatra de atención primaria: 93 prazas.

Odontólogo/a de atención primaria: 7 prazas.

Enfermeira/o especialista en enfermería familiar e comunitaria: 30 prazas.

Enfermeira/o especialista en pediatría: 18 prazas.

Persoal de Servizos Xerais 126 prazas.

Enfermeiro/a especialista en enfermaría obstétrico-xinecolóxica (matrón/a): 89 prazas.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:19:34
Nº Rexistro: 57004
Data envío: 04/10/2019 11:19:34.476

Enfermeiro/a especialista en saúde mental: 30 prazas.

Enfermeiro/a especialista do traballo: 2 prazas.

Fisioterapeuta: 71 prazas.

TCAE: 772 prazas.

Ademais do establecido no plan, logo da negociación na Mesa sectorial, co apoio das organizacións sindicais CESM, UGT, CSIF e SATSE, acordouse á dotación de 308 novas prazas no ámbito da atención primaria no período 2019/2021 nas seguintes categorías :

Médico/a de Familia de Atención Primaria	80
Pediatra de Atención Primaria	20
Farmacéutico/a de Atención Primaria	4
Enfermeiro/a	130
Fisioterapeuta	40
Matrón/a	20
Traballador/a Social	14

En concreto, xa no presente ano 2019 incrementárase de forma estable persoal naqueles centros de saúde que requiran accións inmediatas, cunha dotación de 45 prazas repartidas entre as categorías de médica/o de familia de atención primaria, persoal de enfermería e fisioterapeuta.

Esta dotación inmediata foi posible a través dun suplemento de crédito aos orzamentos vixentes de 2019 aprobado no Consello de la Xunta, que ven de destinar 16 millóns € a reforzar o gasto de funcionamento do Sergas especialmente en atención primaria, con actuacións como o aumento de prazas de persoal, ou a mellora das dotacións de equipamento dos centros de atención primaria, ata un plan de construción, ampliacións e melloras de 19 centros de atención primaria.

Respecto das categorías de psicóloga/o clínica/o, terapeuta ocupacional e logopeda, procede indicar que son categorías que desempeñan as súas competencias tanto no ámbito da atención primaria como en atención hospitalaria.

Por outra banda e coa finalidade de dotar dunha maior estabilidade do persoal, o que redundará, sen dúbida, nunha mellor atención sanitaria e nunha maior fidelización dos recursos humanos dispoñibles, no mes de xaneiro de 2019 por resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 24 de xaneiro de 2019 (DOG núm.22 do 31 de xaneiro), publicáronse as bases do nomeamento estatutario eventual de continuidade.

Este nomeamento empezou aplicándose no ámbito da atención primaria á categoría de médica/o de familia, e ao abeiro da habilitación recollida no apartado segundo das bases do nomeamento estatutario eventual de continuidade (DOG núm.22 do 31 de xaneiro), no mes de xullo de 2019 co apoio das organizacións sindicais CEMS-O'MEGA, UGT, CSIF e SATSE, no



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:19:34
Nº Rexistro: 57004
Data envío: 04/10/2019 11:19:34.476

seo da Comisión de Seguimento do acordo e posterior ratificación na Mesa Sectorial, se acordou estender a aplicación deste nomeamento á categoría de enfermeira/o tanto en atención primaria como en atención hospitalaria.

No ano 2019 foi asinado acordo de fin de folga co comités de folga de atención primaria, chegando ao acordo da apertura na Mesa sectorial de sanidade dun diálogo sobre atención primaria cara á negociación de todas as reivindicacións de contido laboral incluídas na convocatoria de folga presentada, significadamente a dotación de prazas, dotación antes indicada.

En relación coas cuestións de carácter asistencial ou organizativas incluídas nas reivindicacións, as mesmas serán canalizadas a través do Consello Técnico de Atención Primaria, órgano colexiado no que están representadas, entre outros colectivos, as sociedades científicas, asociacións profesionais e sindicatos, e no seo do cal se teñen constituído neste mes de xullo comisións técnicas para o análise da carteira de servizos das distintas categorías profesionais que prestan servizos en Atención Primaria.

Neste acordo logrouse o compromiso das partes de acadar unha solución inmediata ao conflito existente no ámbito dos puntos de atención continuada, chegando a acordo co comité de folga dos puntos de atención continuada o pasado 17 de xullo, acordando abonar dúas dietas de manutención na contía do acordo 2008-2012, nos supostos de prestación de servizos de 24 horas, a dotación mellorada dos equipos de protección individual dos profesionais, a supresión do indicador de derivación hospitalaria recollido nos ADXs, medidas de dotación de persoal, incremento do concepto atención continuada (nocturnidade e festividade) nunha porcentaxe do 80% no ano 2020 e do 20% no ano 2021 (100% da contía a partires do ano 2021) e cómputo como xornada efectiva do tempo de reunión coas xerencias.

O compromiso de mellora do modelo de nomeamento estatutario eventual de continuidade acordado na Mesa Sectorial, cumpriuse co acordo da comisión de seguimento do nomeamento de continuidade ratificado na Mesa Sectorial no mes de maio, recoñecendo ao persoal médico de familia con nomeamento eventual de continuidade que realice unha garda de alomenos 17 horas nun Punto de Atención Continuada, o dereito á libranza da xornada ordinaria inmediata que se inicie o mesmo día; ademais como mellora estableceuse que este persoal teña fixado mensualmente, como mínimo, o oitenta por cento da carteleira e a equidade na distribución das gardas en sábado, domingo e festivo.

As prazas estruturais que se creen, a aplicación do réxime xurídico propio do nomeamento de continuidade en relación co ámbito territorial procederá previo tratamento na Comisión de Seguimento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:19:34
Nº Rexistro: 57004
Data envío: 04/10/2019 11:19:34.476

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2019 11:19:31

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 51946**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María Luisa Pierres López, sobre **“a recepción por parte do Goberno galego da solicitude do Concello de Arteixo referida á creación dunha rotonda e dun paso de peóns na intersección da estrada autonómica AC-552 coa estrada provincial DP-0507 na parroquia de Larín, así como o contido e a viabilidade do proxecto e as súas previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 498 do 4 de xullo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Respecto á cuestión que se refire nesta iniciativa, tense recibido na Axencia Galega de Infraestruturas un escrito dos veciños. Así mesmo, mantivéronse contactos a nivel técnico co Concello nos que se trasladou unha proposta.

Estase a estudar tecnicamente para poder avaliar a viabilidade da proposta, priorizando sempre a seguridade viaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56550
Data envío: 27/09/2019 14:38:42.289

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:38:38

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:19:27
Nº Rexistro: 57003
Data envío: 04/10/2019 11:19:27.069
Data 04/10/2019 11:19

RS/ml

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 52367**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia e as demandas realizadas ao Goberno central con respecto á diminución da actividade da central térmica das Pontes e as súas repercusións no sector auxiliar”**, (publicada no BOPG número 509, do 22 de xullo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 52364 que tivo lugar na sesión do 17 de setembro de 2019 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2019-09-17?part=101c2c2c-d171-4fbe-ac20-1629aaf5ab9d&start=54>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:19:27
Nº Rexistro: 57003
Data envío: 04/10/2019 11:19:27.069

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2019 11:19:23

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 52384**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión e as previsións do Goberno galego respecto da supresión dunha praza de formación en Farmacia Hospitalaria no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e da súa posible incidencia na garantía da igualdade na asistencia sanitaria nas diferentes áreas, así como nesa especialidade en Ourense”**, (publicada no BOPG número 509 do 22 de xullo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A proposta de oferta de prazas de Formación Sanitaria Especializada elabórase anualmente en base aos estudos de necesidades de especialistas.

A oferta de prazas baséase nas necesidades asistenciais do sistema sanitario e tamén nos recursos dispoñibles para ofertar unha formación sanitaria especializada da máxima calidade.

Incrementábase a oferta naquelas especialidades nas que se prevé un déficit de profesionais (medicina de familia, pediatría, anestesiología, reumatología...) e se reduce noutras nas que estamos formando a máis profesionais dos necesarios, como é o caso de Farmacia Hospitalaria.

A asistencia é desenvolvida polos profesionais de plantilla, en cada área segundo as necesidades e características da mesma. A igualdade na asistencia nas distintas áreas está garantida.

A praza de Farmacia Hospitalaria de Ourense non se suprime, unicamente non se oferta este ano, o que non quere dicir, que non se oferte nos vindeiros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56547
Data envío: 27/09/2019 14:38:10.367

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:38:06

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 52435**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pérez, sobre **“o orzamento previsto, a dotación de profesionais e a planificación do Goberno galego para a ampliación da hospitalización no domicilio a todo o territorio de Galicia, así como a dotación de recursos que vai realizar para mellorar a atención domiciliaria dos pacientes crónicos avanzados e complexos e dos que requiren coidados paliativos na atención primaria”**, (publicada no BOPG número 509 do 22 de xullo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A hospitalización a domicilio é unha modalidade asistencial presente en diferentes países comunitarios e extracomunitarios de probado valor para os pacientes e que repercute positivamente na súa calidade de vida. En España, as distintas comunidades autónomas recoñecen a importancia da hospitalización domiciliaria para evitar ingresos innecesarios e, por tanto, acontecementos adversos derivados dos mesmos.

A hospitalización a domicilio (HADO) é unha alternativa asistencial que consiste nun modelo organizado capaz de dispensar un conxunto de atencións e coidados médicos e de enfermería de rango hospitalario (proporcionados por profesionais saúde e recursos materiais propios do hospital), tanto en calidade como en cantidade a pacientes no seu domicilio, cando xa non precisan da infraestrutura hospitalaria pero aínda necesitan de vixilancia activa e asistencia complexa.

O obxectivo principal do Plan galego de hospitalización a domicilio non é outro que potenciar e consolidar este modelo asistencial como unha alternativa segura e efectiva á hospitalización convencional, estando entre os seus valores prestar unha atención experta, multidisciplinar e centrada no paciente así como fomentar a continuidade asistencial, é dicir, favorecer a coordinación con atención primaria sen invadir o seu ámbito de competencias. Ademais, preténdese dar resposta ás necesidades dos equipos de atención primaria nos pacientes que requiren coidados complexos e sexan tributarios de hospitalización domiciliaria, evitando así o ingreso dos mesmos.



Este Plan, ademáis, establece dous modelos asistenciais en HADO que pretenden mellorar a comunicación cos equipos de atención primaria: o modelo de interconsulta (con unha ferramenta electrónica específica), para a solicitude de valoracións clínicas a HADO por parte dos profesionais sanitarios de atención primaria e hospitalaria, e o modelo de atención compartida/xestión da enfermidade. Este modelo abunda na atención coordinada e continuada con atención primaria, con integración de procesos asistenciais. O obxectivo é que os pacientes sexan atendidos por un equipo interdisciplinar que actúa con criterios compartidos e prioriza as súas actuacións en función dos beneficios esperados para o paciente, e que traslada unha mensaxe única.

No referente a dotación de recursos humanos e materiais para o desenvolvemento do Plan galego de hospitalización a domicilio, ampliárase a rede asistencial de HADO con 15 novos equipos (15 profesionais médicos e 30 de enfermaría) facendo un total de 60 equipos en Galicia ao final do período establecido para o desenvolvemento do Plan. Ademais, a atención de HADO ampliarase progresivamente aos 365 días do ano (contemplándose o orzamento necesario para os turnos correspondentes de enfermaría e gardas médicas).

Tamén dotarase aos novos equipos do equipamento sanitario e vehículos necesarios.

O orzamento total para a dotación de recursos humanos e materiais no período de desenvolvemento do Plan galego de hospitalización a domicilio é de máis de 2.500.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56546
Data envío: 27/09/2019 14:38:02.664

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:37:59

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 52583**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posta en marcha polo Goberno galego de campañas de concienciación masivas destinadas ao fomento do uso de bolsas reutilizables”**, (publicada no BOPG número 513 do 30 de xullo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Coa premisa de que o mellor residuo é aquel que non se produce, así como sendo a prioridade deste Goberno a transición ao modelo de economía circular que xa se impón no contexto europeo, o emprego de alternativas reutilizables será a tendencia a impulsar neste eido. Con todo, actualmente estanse facendo grandes esforzos en I+D+i na industria dos envases e embalaxes para ofrecer solucións baseadas en biopolímero que cumpran o ditado na Norma EN 13432 e con garantías de compostabilidade.

Dito estudo e conclusións axudan a comprender e valorar o grave problema ambiental derivado do desbotamento indiscriminado e incontrolado de plásticos no medio ambiente. Non obstante, non cabe dúbida de que resulta preferible optar por bolsas compostables, cuxo prazo de degradación vén estimada polo dito estudo en tres meses no mar ou vinte e sete no solo.

A futura Lei de Residuos e Solos contaminados de Galicia (actualmente en trámite) adoita o establecido no Real Decreto 293/2018, o cal establece as prohibicións e cambios paulatinos sobre a posta a disposición destas bolsas, coa meta de que o 1 de xaneiro de 2021 estará prohibida a entrega de calquera bolsa de plástico que non sexa compostable, incluídas as lixeiras e as moi lixeiras.

A Xunta, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, vén de desenvolver diversas campañas de información e sensibilización ambiental a prol da redución de plásticos dun só uso. Exemplo disto, foi a campaña deste ano para fomentar a conciencia ambiental da sociedade galega sobre o uso de bolsas reutilizables co reparto de 18.000 bolsas de tea.



Medidas coma esta contribuirán na transición cara á progresiva redución de bolsas de plástico non compostables co horizonte da súa erradicación para o ano 2021.

No correspondente a devandita normativa que, a partir do 2021, admite o emprego de bolsas de plástico compostable e recoñece aos comerciantes a facultade de optar por outros formatos de envases alternativos, isto non é incompatible co fomento do emprego de bolsas e envases reutilizables e reciclables, xa que se alonga a vida útil dos produtos e proporciona unha redución de residuos e un aforro económico.

A maiores da campaña citada con anterioridade, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda desenvolveu neste ano outras campañas itinerantes a prol da prevención de residuos e para a introdución de boas prácticas ambientais e de consumo responsable para mudar o noso modelo de consumo a un sistema 100% sostible, nas que se incide especialmente na redución dos envases plásticos dun só uso, entre elas a 'Campaña educativa itinerante sobre prevención de residuos, reciclaxe e compostaxe' ou 'Campaña Separar con Xeito'. A primeira delas percorreu preto de 80 concellos e a segunda máis de 175 localidades galegas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56545
Data envío: 27/09/2019 14:37:54.929

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:37:50

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56544
Data envío: 27/09/2019 14:37:46.273
Data 27/09/2019 14:37

RS/ml

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 52627**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena e don Antón Sánchez García, sobre **“como ten previsto a Consellería de Sanidade organizar e garantir a calidade asistencial durante o periodo vacacional en zonas de costa ou receptoras de turismo”**, (publicada no BOPG número 513, do 30 de xullo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O período vacacional abrangue do 1 de xuño o 30 de setembro e ademais de asegurar a cobertura asistencial habitual esta refórzase naquelas datas nas que a afluencia de xente é maior.

A asistencia as consultas ordinarias diminuíu dado que coa receita electrónica son menos os pacientes que acoden a consulta na súa procura.

A actividade tanto nos Puntos de Atención Continuada como nas consultas ordinarias é moi similar á de outros anos e nalgúns casos máis baixa.

Os reforzos previstos respecto doutros anos non mudaron e mesmo se incrementaron nalgúns lugares, xa que se ofertaron contratos de continuidade aos profesionais dun ano de duración prorrogable ata 3 anos para darlles estabilidade tanto no caso de Médicos de Familia como de Enfermaría.

Tamén se buscaron profesionais noutros puntos de fóra de Galicia e a maiores para imprevistos houbo a posibilidade de ter un profesional de garda localizada para no caso de producirse un imprevisto convertela en presencial.

E dicir que se buscaron solucións que permitiron atender os pacientes e que non houbo incidencias salientables.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56544
Data envío: 27/09/2019 14:37:46.273

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:37:42

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42108**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance e as previsións da Xunta para o desenvolvemento das estacións intermodais nas principais cidades galegas”**, (publicada no BOPG número 410 do 14 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 52628, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 30 de setembro de 2019, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director xeral de Mobilidade fixo un repaso detallado do estado actual das actuacións que está a desenvolver a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade nas estacións intermodais das distintas cidades galegas, salientando que xa hai avances significativos para dotar ás principais cidades de terminais de autobuses intermodais, cumprindo o acordado co Estado e cos Gobernos municipais para o seu impulso conxunto. Nesta liña, indicou que o traballo feito pola Xunta vai permitir que no mes de outubro as obras das estacións intermodais que lle corresponden á Administración autonómica estean en marcha en Santiago, Ourense, Vigo e Pontevedra, mentres avanza nos deseños das estacións de autobuses intermodais da Coruña, de Lugo e de Ferrol.

A resposta completa do director xeral de Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-09-30?part=817cbe18-4127-434e-bc6a-d9ad843fcb3&start=1761>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-09-30?part=817cbe18-4127-434e-bc6a-d9ad843fcbb3&start=2500>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:20:18
Nº Rexistro: 57010
Data envío: 04/10/2019 11:20:18.944

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2019 11:20:15

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56600
Data envío: 27/09/2019 16:16:18.960
Data 27/09/2019 16:16

RS/ml

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 42410**, formulada polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a opinión da Xunta de Galicia ao respecto do rescate da concesión e supresión da peaxe na autovía AG 57**”, (publicada no BOPG número 410, do 14 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A AG-57 é unha autoestrada que, tendo unha das tarifas máis baixas do Estado, conta desde o ano 2010 con descontos para itinerarios recorrentes nun mesmo día. Ademais destas bonificacións por frecuencia de uso, a Xunta de Galicia vén de aprobar a implantación de bonificacións por treito horario de uso, tanto para a AG-57 como para a AG-55. Así, a partir do 1 de outubro aplicárase unha bonificación do 50% do importe da peaxe en vigor cando se realice con cargo a un OBE o pago dun traxecto no treito horario nocturno que comprende desde as 0:00 horas ata as 06:00 horas.

Polo que respecta a un eventual rescate da concesión a cargo dos Orzamentos da Xunta, suporía desviar recursos destinados á cobertura de necesidades da Comunidade Autónoma en materias básicas e prioritarias tales coma sanidade, educación ou servizos sociais, razón pola que o Goberno autonómico non contempla esta posibilidade.

Cómpre destacar, ademais, o esforzo que vén realizando a Xunta desde 2009 para incrementar e estender a rede autonómica de vías de altas prestacións, coa posta en servizo, desde esa data, de máis de 200 novos quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56600
Data envío: 27/09/2019 16:16:18.960

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 16:16:04

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 46739**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a incidencia da política económica seguida polo Goberno galego na situación demográfica das comarcas de Ourense”**, (publicada no BOPG número 441 do 6 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é plenamente consciente da situación de devalo demográfico na que se atopa Galicia (non só Lugo e Ourense) e precisamente por iso a vén asumindo como unha das súas tarefas fundamentais de goberno.

A xestión do reto demográfico cunha visión sistémica e integral é a filosofía que impregna o Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020, principal documento de planificación do Goberno autonómico, onde se institúe a recuperación demográfica como un principio transversal a todos os seus eixes de actuación.

Así, no ano 2015 púxose en marcha o Programa de Apoio á Natalidade (PAN), un programa global que se estrutura en tres áreas (axudas, conciliación e servizos) e que está pensado para avanzar no obxectivo de crear en Galicia un ambiente social favorable para vivir, para formar unha familia e para que cada quen poida ter os fillos e fillas que desexe.

Forma parte deste programa a Tarxeta Benvida, unha axuda económica ás familias destinada a contribuír nos maiores gastos que supón a chegada dun fillo ou filla

Tamén avanzamos na consolidación da rede de recursos de conciliación, creando máis prazas en escolas infantís 0-3 anos.

Dotamos aos concellos de menos de 5.000 habitantes de recursos de conciliación a través do programa de Casas Niño, unha estratexia que permite frear o declive demográfico no rural de Galicia e fixar poboación ao territorio. Hoxe Galicia conta con 61 casas niño e nestes momentos está publicada unha orde de axudas –a cuarta- para outorgar outras 15 subvencións para o desenvolvemento doutros tantos proxectos.



Por outra banda, aprobamos a Estratexia Galega de Envellecemento Activo dende a innovación 2016-2020, orientada a garantir o benestar e a calidade de vida das persoas a medida que envellecen favorecendo un envellecemento activo e saudable e a vida autónoma.

Tamén recentemente, o Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021, un firme compromiso coa sociedade galega en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes a través do reparto equitativo dos traballos e as responsabilidades no ámbito privado e da promoción de máis e mellores medidas e servizos que apoién as familias na atención a menores, a persoas en situación de dependencia e do fomento de novas formas de organización do traballo, de novas modalidades de xestión dos recursos humanos e de novas condicións laborais nas administracións e nas empresas.

Tentamos favorecer a volta a Galicia dos galegos e galegas que emigraron e a dos seus descendentes a través da Estratexia Retorna 2020, onde se recolle unha batería de medidas dirixidas a que sintan a súa terra como o lugar onde desenvolver a súa traxectoria persoal e profesional e deseñamos un Plan de fixación de poboación no medio rural, dirixido a impulsar o desenvolvemento equilibrado das economías e comunidades rurais mediante un apoio ás actividades socioeconómicas que permita a creación e conservación do emprego.

Puxemos en marcha o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, un órgano no que participan as diferentes administracións, axentes sociais e económicos, as tres universidades de Galicia e todos os grupos con representación no Parlamento autonómico. Neste momento o Observatorio está a realizar un diagnóstico da situación demográfica e para poñer enriba da mesa propostas de futuro consensuadas. É dicir, con vocación de perdurar no tempo para que sexan realmente efectivas. Aspectos como a conciliación da vida laboral e familiar, a corresponsabilidade, a necesidade de racionalizar os horarios de traballo ou medidas para a revitalización dos núcleos rurais son algúns aspectos que se abordan neste órgano de participación, consultivo e colexiado.

Por outra parte, cómpre apuntar que as medidas levadas a cabo directamente pola Xunta de Galicia van acompañadas tamén por accións tanto a nivel nacional como supranacional, dado que a abordaxe dos desafíos demográficos precisa de novas ferramentas que residen no plano operativo en mans do Estado e mesmo da Unión Europea en tanto que desenvolven as súas competencias en Galicia. Por iso, na actualidade a Xunta de Galicia participa en diversos foros a





nivel nacional e europeo que teñen como finalidade dar a coñecer as súas peculiaridades demográficas e situar esta cuestión na axenda política nacional e europea

En definitiva, este Goberno é ben consciente da importancia da cuestión demográfica en toda Galicia e traballa para converter este reto nunha oportunidade de futuro.

Por iso está a tramitar a Lei de impulso demográfico de Galicia, unha norma pioneira no contexto español e europeo, é a primeira vez que un Goberno eleva a rango de lei a abordaxe e xestión do cambio demográfico.

O contido da norma baséase na diagnose e na análise DAFO-CAME recollidas no Informe Galicia: perspectivas demográficas, elaboradas no seo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e aprobadas por unanimidade do seu pleno.

Responde a unha proposta integral e transversal que ten como finalidade a creación de contornos favorables para que as galegas e galegos poidan levar a cabo o seu proxecto vital e familiar en Galicia e para que outras persoas consideren Galicia un lugar atractivo para establecerse”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57031
Data envío: 04/10/2019 14:47:11.866

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2019 14:47:08

CSV: BOPGDSPG2gK18mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 46814**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“a data prevista polo Goberno galego para a presentación do proxecto de lei de impulso demográfico no Parlamento de Galicia para o seu debate”**, (publicada no BOPG número 441 do 6 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“No Consello da Xunta de Galicia do pasado 27 de xuño do 2019 aprobouse o anteproxecto de Lei de apoio á natalidade e de impulso demográfico. Este anteproxecto de Lei estivo a exposición pública, rematando o prazo de presentación de alegacións o 24 de xullo, e prevese remitila ao Parlamento de Galicia para o seu debate no último trimestre do ano.

Deste xeito, Galicia convértese na primeira comunidade autónoma en elevar a rango de lei a cuestión demográfica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57033
Data envío: 04/10/2019 15:23:10.944

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2019 15:22:39

CSV: BOPGDSPG2gK18mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 49799**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para resolver as carencias de persoal e de recursos materiais que hai no Hospital Comarcal de Verín”**, (publicada no BOPG número 476 do 14 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Sanidade traballamos para atender ás necesidades e resolver os problemas dos pacientes no lugar máis próximo á súa residencia. Por iso reforzamos os hospitais comarcais, mellorando a súa capacidade de resolución, e os servizos que prestan.

No Hospital de Verín mantéñense todas as especialidades desde súa apertura en 1994, e ademais contamos con novas consultas e probas de Psiquiatría, Uroloxía, Dixestivo, Endocrinoloxía, Neuroloxía, Oncoloxía Médica, Reumatoloxía e CardioloXía.

É dicir, estas consultas e probas fanse en Verín, sen que os pacientes teñan que desprazarse ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

Trátase dunha actividade asistencial de calidade, integrada, tanto coa atención primaria como cos recursos de atención hospitalaria da área sanitaria, e que segue mellorando en resultados asistenciais e en desprazamentos evitados.

Cando se puxo en marcha o hospital este contaba cun cadro de persoal de 140 traballadores, que se mantivo con pouca evolución ata xaneiro de 2009, data da extinción das fundacións sanitarias en Galicia. Naquel momento, o Hospital de Verín contaba con 154 traballadores que se homologaron, como persoal estatutario do Sergas, pasando tan só dez anos despois ata 213, o que supón un incremento do 38% en tan só dez anos pese a progresiva redución da poboación.

Polo que se refire ao servizo de Pediatría publicouse no DOG do 26 de xuño a convocatoria



para a cobertura de dúas prazas de pediatría para o Hospital de Verín que quedaron desertas por falta de concorrencia de aspirantes á convocatoria para cubrir, mediante vinculación temporal, por concurso de méritos, con nomeamento de estatuario interino.

Nos últimos meses téñense planificado distintas actuacións en obras e equipamentos no Hospital de Verín”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56790
Data envío: 01/10/2019 14:28:26.424

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2019 14:28:23

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49988**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas polo Sergas para garantir a cobertura da praza de pediatra que vai quedar vacante pola xubilación da persoa titular nos centros de saúde de Barro e de Monte Porreiro, en Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 479 do 22 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Como é ben coñecido, é unha realidade no Sistema Nacional de Saúde o ‘*paro cero*’ en pediatría de atención primaria. Esta situación fai que o sistema público de saúde nas diferentes Comunidades Autónomas teña dificultades para a cobertura de pediatras de atención primaria.

A pesar disto, e grazas as xestións do equipo da Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, logrouse atopar un profesional que cubra a vacante que deixa o titular desta praza coa súa xubilación. A asistencia pediátrica en Barro e Monte Porreiro vai seguir prestándose nas mesmas condicións en que se estaba prestando ata o de agora, de forma que o novo profesional prestará asistencia tanto en Barro como en Monte Porreiro.

O día 30 de xuño de 2019 queda vacante, por xubilación do titular, a praza de pediatra de atención primaria de Barro e Monte Porreiro. A praza está cuberta desde o 1 de xullo de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56788
Data envío: 01/10/2019 14:27:30.111

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2019 14:27:26

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 51054**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“valoración do Goberno en relación á atención sanitaria para as persoas con ludomanía”**, (publicada no BOPG número 489 do 20 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade cofinancia o desenvolvemento de proxectos de prevención de condutas aditivas en entidades locais e sen ánimo de lucro dende 1988.

Estes proxectos están compostos por un conxunto de programas e actividades preventivas divididos por ámbitos (fundamentalmente escolar, familiar e xuvenil). As entidades que desenvolven estes proxectos traballan de xeito transversal todos os trastornos aditivos e adaptan os seus contidos ás necesidades das poboacións destinatarias. Neste marco desenvolveron actividades preventivas, tanto no ámbito do xogo patolóxico como no resto de trastornos aditivos tendo en conta as demandas realizadas pola poboación xa sexa a nivel escolar (polos docentes), familiar (nas escolas de pais) ou xuvenil (en asociacións e institucións deportivas e culturais, entre outras).

No ámbito concreto do xogo patolóxico, en coherencia coa maior preocupación social xa referida, as entidades están a recibir nos últimos anos máis peticións de actividades monográficas sobre este tema (así como sobre os problemas relacionados co uso de internet e as tecnoloxías da información) e, en todos os casos nos que se solicita, a Consellería de Sanidade está a dar por válidos (e cofinanciar) este tipo de programas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56564
Data envío: 27/09/2019 14:40:38.757

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:40:35

CSV: BOPGDSPG2gK18mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56561
Data envío: 27/09/2019 14:40:12.117
Data 27/09/2019 14:40

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 51549**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da dotación ao Centro de Saúde de Moaña do persoal necesario para garantir a calidade asistencial”**, (publicada no BOPG número 489, do 20 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada pola directora xeral de Recursos Humanos á pregunta núm. 51548 que tivo lugar na Comisión 5ª do 2 de xullo de 2019.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-07-02?part=52b6252a-0276-48fb-86f3-be0080089129&start=9280.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-07-02?part=52b6252a-0276-48fb-86f3-be0080089129&start=9280)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56561
Data envío: 27/09/2019 14:40:12.117

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:40:08

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 51644**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto dos danos causados no patrimonio cultural polas obras de construción dun parque eólico na Serra do Oribio, no Courel”**, (publicada no BOPG número 493 do 26 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 54493 que tivo lugar na sesión do 20 de setembro de 2019 da Comisión 4ª, Educación e Cultura.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2019-09-20?part=e2e49048-ec61-4f9b-993f-716b4ee9feb7&start=1373>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56559
Data envío: 27/09/2019 14:39:57.320

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:39:54

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 51915**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da política laboral que está a levar a cabo no Sergas”**, (publicada no BOPG número 495 do 1 de xullo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Galicia foi unha das poucas comunidades autónomas que seguiu apostando por ofertas públicas de emprego todos os anos, de xeito sucesivo desde o ano 2012 e ata o presente ano 2019.

O Servizo Galego de Saúde convocou oposicións en plena crise económica, esgotando a taxa máxima de reposición.

No mes de abril de 2017 aprobouse o Plan de estabilidade do emprego e provisión de prazas de persoal estatutario, cunha dotación de máis de 800 prazas para unha maior estabilidade dos cadros de persoal, polo que 800 profesionais eventuais convertéronse en interinos, e as súas prazas foron ofertadas nas opes para consolidar a condición de persoal fixo.

En xaneiro de 2019, na mesa sectorial do persoal estatutario, asinouse coas organizacións sindicais CEMS-OMEGA, UGT, CSIF e SATSE o Acordo sobre as bases do nomeamento estatutario eventual de continuidade no ámbito do Servizo Galego de Saúde”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56553
Data envío: 27/09/2019 14:39:09.289

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:39:05

CSV: BOPGDSPG2gK18mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 52671** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre “**as previsión da Xunta de Galicia respecto da solicitude de revisión dos protocolos de actuación da Residencia de maiores de Laraxe, en Ferrol, co fin de evitar a rixidez das normas referidas ao exercicio pola Dirección da función de garda sobre as persoas usuarias**”, (publicada no BOPG número 435 do 21 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“No relativo aos protocolos de actuación no servizo de atención residencial para persoas maiores Domus VI de Laraxe, en Ferrol, cómpre sinalar que, de conformidade co previsto na normativa que desenvolve a racionalización do sector público autonómico, a Xunta de Galicia regula, revisa e vela polo cumprimento das condicións e requisitos específicos para a salvagarda dos dereitos das persoas usuarias do Sistema de Servizos Sociais da nosa Comunidade Autónoma.(Decreto 175/1995, do 16 de xuño).

É por isto polo que, no exercicio do acometido pola Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna, ante a especial importancia de normalizar e uniformar os procedementos de actuación e garantir a calidade dos servizos, elaborou os contidos mínimos e vela polo cumprimento de todos os protocolos implantados nos centros de atención residencial de persoas maiores e persoas con discapacidade.

No que respecta aos procesos de incapacitación, baséanse nos informes e a avaliación integral das persoas usuarias realizados polo equipo interdisciplinar que elabora un plan de atención individual para cada persoa usuaria. Nestes informes establece a conxunto de actuacións encamiñadas a garantir o dereito a tomar decisións dos residentes ou dos seus representantes legais e, de ser o caso, os seus gardadores de feito, tendo en conta o dereito a que se xestione a súa vida privada de acordo cos seus valores e principios.



Neste senso, a Consellería de Política Social, estableceu unha serie de protocolos dirixidos a:

- Promover o dereito das persoas usuarias;
- Establecer as accións necesarias para facilitar que a persoa usuaria sexa capaz de tomar decisións de acordo cos seus intereses, establecendo as canles de información necesarias que o garantan;
- Proporcionar actuacións ante situacións de disparidade entre as persoas usuarias e os servizos de atención residencial;
- Notificar a quen sexa preciso, ante situacións de disparidade de criterios na toma de decisións persoais.

En relación á comunicación ó Xulgado ou Fiscalía en caso de necesidade de completar a capacidade das persoas usuarias, os servizos de atención residencial teñen a obriga de facer esta comunicación.

Na Residencia de Maiores de Laraxe realizáronse visitas de inspección ordinaria os anos 2014 e 2016, así como as que derivaron das reclamacións presentadas contra o devandito centro nas que foi preciso realizar unha visita para a súa investigación 'in situ'."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:20:11
Nº Rexistro: 57009
Data envío: 04/10/2019 11:20:11.319

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2019 11:20:08

CSV: BOPGDSPG2gK18mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **46738**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a evolución que presenta a situación demográfica das comarcas da provincia de Ourense e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 428 do 7 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é plenamente consciente da situación de devalo demográfico na que se atopa Galicia (non só Lugo e Ourense) e precisamente por iso a vén asumindo como unha das súas tarefas fundamentais de goberno.

A xestión do reto demográfico cunha visión sistémica e integral é a filosofía que impregna o Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020, principal documento de planificación do Goberno autonómico, onde se institúe a recuperación demográfica como un principio transversal a todos os seus eixes de actuación.

Así, no ano 2015 púxose en marcha o Programa de Apoio á Natalidade (PAN), un programa global que se estrutura en tres áreas (axudas, conciliación e servizos) e que está pensado para avanzar no obxectivo de crear en Galicia un ambiente social favorable para vivir, para formar unha familia e para que cada quen poida ter os fillos e fillas que desexe.

Forma parte deste programa a Tarxeta Benvida, unha axuda económica ás familias destinada a contribuír nos maiores gastos que supón a chegada dun fillo ou filla

Tamén avanzamos na consolidación da rede de recursos de conciliación, creando máis prazas en escolas infantís 0-3 anos.

Dotamos aos concellos de menos de 5.000 habitantes de recursos de conciliación a través do programa de Casas Niño, unha estratexia que permite frear o declive demográfico no rural de Galicia e fixar poboación ao territorio. Hoxe Galicia conta con 61 casas niño e nestes momentos



está publicada unha orde de axudas –a cuarta- para outorgar outras 15 subvencións para o desenvolvemento doutros tantos proxectos.

Por outra banda, aprobamos a Estratexia Galega de Envellecemento Activo dende a innovación 2016-2020, orientada a garantir o benestar e a calidade de vida das persoas a medida que envellecen favorecendo un envellecemento activo e saudable e a vida autónoma.

Tamén recentemente, o Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021, un firme compromiso coa sociedade galega en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes a través do reparto equitativo dos traballos e as responsabilidades no ámbito privado e da promoción de máis e mellores medidas e servizos que apoien as familias na atención a menores, a persoas en situación de dependencia e do fomento de novas formas de organización do traballo, de novas modalidades de xestión dos recursos humanos e de novas condicións laborais nas administracións e nas empresas.

Tentamos favorecer a volta a Galicia dos galegos e galegas que emigraron e a dos seus descendentes a través da Estratexia Retorna 2020, onde se recolle unha batería de medidas dirixidas a que sintan a súa terra como o lugar onde desenvolver a súa traxectoria persoal e profesional e deseñamos un Plan de fixación de poboación no medio rural, dirixido a impulsar o desenvolvemento equilibrado das economías e comunidades rurais mediante un apoio ás actividades socioeconómicas que permita a creación e conservación do emprego.

Puxemos en marcha o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, un órgano no que participan as diferentes administracións, axentes sociais e económicos, as tres universidades de Galicia e todos os grupos con representación no Parlamento autonómico. Neste momento o Observatorio está a realizar un diagnóstico da situación demográfica e para poñer enriba da mesa propostas de futuro consensuadas. É dicir, con vocación de perdurar no tempo para que sexan realmente efectivas. Aspectos como a conciliación da vida laboral e familiar, a corresponsabilidade, a necesidade de racionalizar os horarios de traballo ou medidas para a revitalización dos núcleos rurais son algúns aspectos que se abordan neste órgano de participación, consultivo e colexiado.

Por outra parte, cómpre apuntar que as medidas levadas a cabo directamente pola Xunta de Galicia van acompañadas tamén por accións tanto a nivel nacional como supranacional, dado que a abordaxe dos desafíos demográficos precisa de novas ferramentas que residen no plano operativo en mans do Estado e mesmo da Unión Europea en tanto que desenvolven as súas





competencias en Galicia. Por iso, na actualidade a Xunta de Galicia participa en diversos foros a nivel nacional e europeo que teñen como finalidade dar a coñecer as súas peculiaridades demográficas e situar esta cuestión na axenda política nacional e europea

En definitiva, este Goberno é ben consciente da importancia da cuestión demográfica en toda Galicia e traballa para converter este reto nunha oportunidade de futuro.

Por iso está a tramitar a Lei de impulso demográfico de Galicia, unha norma pioneira no contexto español e europeo, é a primeira vez que un Goberno eleva a rango de lei a abordaxe e xestión do cambio demográfico.

O contido da norma baséase na diagnose e na análise DAFO-CAME recollidas no Informe Galicia: perspectivas demográficas, elaboradas no seo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e aprobadas por unanimidade do seu pleno.

Responde a unha proposta integral e transversal que ten como finalidade a creación de contornos favorables para que as galegas e galegos poidan levar a cabo o seu proxecto vital e familiar en Galicia e para que outras persoas consideren Galicia un lugar atractivo para establecerse”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57032
Data envío: 04/10/2019 14:47:19.148

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2019 14:47:16

CSV: BOPGDSPG2gK18mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42107**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance e as previsións da Xunta para o desenvolvemento das estacións intermodais nas principais cidades galegas”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 52628, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 30 de setembro de 2019, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director xeral de Mobilidade fixo un repaso detallado do estado actual das actuacións que está a desenvolver a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade nas estacións intermodais das distintas cidades galegas, salientando que xa hai avances significativos para dotar ás principais cidades de terminais de autobuses intermodais, cumprindo o acordado co Estado e cos Gobernos municipais para o seu impulso conxunto. Nesta liña, indicou que o traballo feito pola Xunta vai permitir que no mes de outubro as obras das estacións intermodais que lle corresponden á Administración autonómica estean en marcha en Santiago, Ourense, Vigo e Pontevedra, mentres avanza nos deseños das estacións de autobuses intermodais da Coruña, de Lugo e de Ferrol.

A resposta completa do director xeral de Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-09-30?part=817cbe18-4127-434e-bc6a-d9ad843fcb3&start=1761>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-09-30?part=817cbe18-4127-434e-bc6a-d9ad843fcbb3&start=2500>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 11:20:26
Nº Rexistro: 57011
Data envío: 04/10/2019 11:20:26.444

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2019 11:20:23

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56590
Data envío: 27/09/2019 14:44:43.929
Data 27/09/2019 14:44

RS/ml

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª – **número 42409**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión e actuacións previstas por parte da Xunta de Galicia ao respecto da supresión ou rebaixa da peaxe na autovía AG 57 e a valoración da oportunidade do rescate da concesión”**, (publicada no BOPG número 411, do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A AG-57 é unha autoestrada que, tendo unha das tarifas máis baixas do Estado, conta desde o ano 2010 con descontos para itinerarios recorrentes nun mesmo día. Ademais destas bonificacións por frecuencia de uso, a Xunta de Galicia vén de aprobar a implantación de bonificacións por treito horario de uso, tanto para a AG-57 como para a AG-55. Así, a partir do 1 de outubro aplicárase unha bonificación do 50% do importe da peaxe en vigor cando se realice con cargo a un OBE o pago dun traxecto no treito horario nocturno que comprende desde as 0:00 horas ata as 06:00 horas.

Polo que respecta a un eventual rescate da concesión a cargo dos Orzamentos da Xunta, suporía desviar recursos destinados á cobertura de necesidades da Comunidade Autónoma en materias básicas e prioritarias tales coma sanidade, educación ou servizos sociais, razón pola que o Goberno autonómico non contempla esta posibilidade.

Cómpre destacar, ademais, o esforzo que vén realizando a Xunta desde 2009 para incrementar e estender a rede autonómica de vías de altas prestacións, coa posta en servizo, desde esa data, de máis de 200 novos quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 1

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
27/09/2019 14:44:38

180359



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56590
Data envío: 27/09/2019 14:44:43.929

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:44:38

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 44209**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **“a avaliación que fai a Xunta de Galicia do estado das estradas da contorna de Palas de Rei”**, (publicada no BOPG número 422 do 30 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Galega de Infraestruturas é o órgano administrativo da Xunta de Galicia encargado de xestionar integramente toda a infraestrutura viaria da Rede de Estradas da Comunidade Autónoma Galega (RAEGA). En concreto, polo concello de Palas de Rei discorren dúas estradas de titularidade autonómica: a LU-221 (Monterroso-Palas de Rei) e a LU-231 (Friol-A Baiuca).

Na LU-221 (Monterroso-Palas de Rei) a Axencia Galega de Infraestruturas vén realizando os labores habituais de conservación ordinaria, incluíndo a renovación da sinalización e limpeza das marxes. A data de hoxe, considérase que o estado de conservación do firme resulta aceptable. Respecto á LU-231 (Friol-A Baiuca), a Axencia Galega de Infraestruturas está a acometer a súa mellora a través do proxecto de construción ‘Adaptación da estrada LU-231, Friol-A Baiuca, punto quilométrico 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54), ao Plan de baixa IMD mellorada’.

A actuación divídese en dúas fases. A Axencia Galega de Infraestruturas publicou o 19 de febreiro de 2019 o trámite de información pública da primeira delas, o treito Friol-Castrolo, que suma 9 quilómetros de lonxitude e conta cun investimento duns 2,8 millóns de euros. Así mesmo, estase traballando no proxecto do segundo treito desta actuación, que vai desde



Castrelo á Baiuca, en Palas de Rei. Deste xeito completárase o arranxo do tramo autonómico desta estrada, que suma uns 18 quilómetros e un investimento de máis de 6 millóns de euros, incluídas as expropiacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56586
Data envío: 27/09/2019 14:43:55.867

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:43:52

CSV: BOPGDSPG2gKl8mg194
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

